

**PROGRAMACIÓN DO CUARTO  
NIVEL DE PRIMARIA  
C.P.I. DA CAÑIZA  
CURSO 2017-2018**

## ÍNDICE

1. Introducción e contexto
2. Obxectivos do 4º nivel
3. Área de Matemáticas: obxectivos, Contribución da área ao desenvolvemento das competencias, organización de contidos, criterios metodolóxicos e estratexias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, recursos didácticos
4. Área de Lingua castelá: obxectivos, Contribución da área ao desenvolvemento das competencias, organización de contidos, criterios metodolóxicos e estratexias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, recursos didácticos
5. Área de Lingua galega: obxectivos, Contribución da área ao desenvolvemento das competencias, organización de contidos, criterios metodolóxicos e estratexias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, recursos didácticos
6. Área de Ciencias da Natureza: obxectivos, Contribución da área ao desenvolvemento das competencias, organización de contidos, criterios metodolóxicos e estratexias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, recursos didácticos
7. Área de Ciencias Sociais: obxectivos, Contribución da área ao desenvolvemento das competencias, organización de contidos, criterios metodolóxicos e estratexias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, recursos didácticos
8. Área de Ed. Artística: plástica: obxectivos, Contribución da área ao desenvolvemento das competencias, organización de contidos, criterios metodolóxicos e estratexias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, recursos didácticos
9. Mínimos esixibles para o logro das competencias clave
10. Procedementos e instrumentos de avaliación
11. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial
12. Actividades de recuperación e reforzos para lograr a dita recuperación
13. Medidas de atención á diversidade
14. Programación da educación en valores
15. Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC, ao plan de convivencia e ao proxecto lingüístico
16. Actividades complementarias e extraescolares
17. Procedementos para avaliar a propia programación

## 1- **Introdución e contexto**

O centro atópase na vila da Cañiza, zona rural do interior de Galicia. O municipio ten unha superficie de 108,1 Km cadrados e unha poboación de 8.375 habitantes distribuídos nas parroquias de Achas, A Cañiza, Couto, Franqueira, Luneda, Oroso, Parada de Achas, Petán e Valeixe. A vila da Cañiza é a capital do Municipio.

O noso Centro Educativo recolle nenos e nenas destas parroquias menos de Valeixe e arredores onde tamén funciona un centro educativo.

O centro é un CPI con EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA e ESO que escolariza a nenos/as de 3 a 16 anos.

Os niveis educativos en primaria están formados sempre por dous grupos

O grupo de 4º A ten 21 alumnos/as

O grupo de 4º B ten 19 alumnos/as

O 4º curso de Primaria conta cun equipo que está formado polos seguintes docentes:

D<sup>a</sup> Susana González González (titor de 4º A)

D<sup>a</sup> Diana Graña Caramés ( Titora de 4º B).

D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup> Rodríguez Hermida–Montes (Música).

D<sup>a</sup>. Ana Martinz Alonso (Inglés).

D. Manuel Fernández Álvarez (Relixión).

D. José Manuel Rodríguez Gómez (Educ. Física, reforzo e valores sociais e c.)

D<sup>a</sup> Rebeca Fernández Iglesias (P.T.)

D<sup>a</sup> Angeles Jimenez Iglesias (A. L.)

A coordinadora de nivel: Diana Graña Caramés.

O centro consta de tres edificios máis, aula de música, aula de psicomotricidade e o pavillón. Nun edificio atópanse 3 aulas de infantil, no outro 2 aulas onde se escolarizan os nenos e nenas de 5º de primaria e no grande o resto de espazos do centro.

O horario é pola mañá de 8,45 a 13,45.

O día de titoría dos pais é os martes de 16h15 ás 17h15

Esta programación baséase no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2- Obxectivos xerais de 4º de Primaria

- a) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- b) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- c) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- d) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- e) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- f) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas plásticas e musicais.
- g) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

## 3- ÁREA DE MATEMÁTICAS

### OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS

1. Utilizar a resolución de problemas de forma eficaz tanto en procesos matemáticos como en situación na da vida diaria, reflexionando sobre os distintos pasos a seguir, realizando os cálculos necesarios e aplicándoo como estratexia para afrontar cualquier tipo de situación.
2. Facer predicións baseándose en procedementos matemáticos a través da descrición, análise e elaboración de conclusións en contextos matemáticos aplicando o método científico.
3. Desenrolar habilidades persoais para afrontar as tarefas matemáticas evitando os bloqueos e inseguridades e reflexionando sobre as decisións que se deben tomar.
4. Manexar os recursos tecnolóxicos para afrontar os diferentes retos matemáticos que se plantexen en cuanto o tratamento da información ou o apoio ao proceso de adquisición dos coñecementos.
5. Dominar a lectura, escritura e ordenación dos números naturais no uso en distintos procedementos matemáticos.
6. Utilizar fraccións na interpretación e resolución de problemas en contextos reais.
7. Manexar as habilidades básicas de cálculo na aplicación dos coñecementos traballados.
8. Utilizar o cálculo mental na resolución de problemas.
9. Usar distintos instrumentos e unidades de medidas na medición de ángulos.
10. Resolver problemas da vida real coas magnitudes e medidas traballadas.

11. Interpretar e elaborar información a través da representación espacial valorando as expresións artísticas baseadas nas nocións xeométricas básicas traballadas.
12. Coñecer e clasificar os distintos corpos xeométricos a través da manipulación e a observación.
13. Dominar o trazo de rectas e circunferencias no entorno recoñecendo as diferentes formas de representación.
14. Expresar de forma complexa o incomplexa as medidas de lonxitude, capacidade ou peso.
15. Recoñecer a simetría axial nalgúns figuras e trazar o seu eixo de simetría.
16. Debuxar o círculo e a circunferencia e identificar os seus elementos.
17. Utilizar e elaborar gráficos e pictogramas para representar os datos dados nun problema.
18. Interpretar un croques ou plano e situar os puntos dados nun plano.
19. Operar, comparar e ordenar fraccións de igual denominador.
20. Usar as unidades de medida de la lonxitude, capacidade e peso apropiadamente.
21. Coñecer e usar apropiadamente o sistema sexagesimal e os instrumentos de medida do tempo.
22. Ler e escribir cantidades de diñeiro utilizándoo símbolo € e a abreviatura cént.
23. Identificar os símbolos básicos no sistema de numeración romano.
24. Ler, usar y escribir números ordinais en contextos reais para indicar a posición dun elemento nunha serie o unha relación de orde entre varios elementos.

DESCRIPTORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRIPTORES
<p><i>Competencia matemática e competencias a da eficacia lectora na ciencia e tecnoloxía</i></p>	<p>Coidado do entorno medioambiental e dos seres vivos</p>	<p>Interactuar co entorno natural de maneira respetuosa. Comprometerse col uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolto sostible. Respectar e preservar a vida dos seres vivos do entorno. Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.</p>
	<p>Vida saudable</p>	<p>Desenrolar e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable do mesmo.</p>
	<p>A ciencia no día a día</p>	<p>Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso arredor.</p>
	<p>Manexo de elementos matemáticos</p>	<p>Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.</p>
	<p>Razoamento lóxico e resolución de problemas</p>	<p>Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.</p>

		<p>Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.</p> <p>Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.</p>
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<p>Comprender o sentido dos textos escritos.</p> <p>Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos</p> <p>Desfrutar coa lectura.</p>
	Expresión: oral e escrita	<p>Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.</p> <p>Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.</p> <p>Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</p>
	Normas de comunicación	<p>Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor</p> <p>Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicati</p>
	Comunicación noutras linguas	<p>Entender o contexto sociocultural da lingua así como a súa historia para un mellor uso da mesma.</p> <p>Manter conversacións en outras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.</p> <p>Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</p> <p>Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.</p>
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<p>Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.</p> <p>Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</p> <p>Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</p>
	Comunicación audiovisual	<p>Utilizar os distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</p> <p>Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</p>

	Utilización de ferramentas dixitais	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecementos.</p> <p>Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</p> <p>Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</p>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Ríspeto polas manifestacións culturais propias e alleas	<p>Mostrar ríspeto ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.</p> <p>Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</p> <p>Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</p>
	Expresión cultural e artística	<p>Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.</p> <p>Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá.</p> <p>Elaborar traballos e presentación con sentido estético.</p>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<p>Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</p> <p>Identificar as implicacións que teñen vivir nun Estado social e democrático de dereito refrendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.</p>
	Relación cos demais	<p>Desenrolar capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</p> <p>Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</p> <p>Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</p>
	Compromiso social	<p>Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</p> <p>Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</p> <p>Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e ríspeto aos distintos ritmos e potencialidades.</p> <p>Involucrarse ao promover accións cun fin social.</p>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<p>Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</p> <p>Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta de elas.</p> <p>Ser constante no traballo superando as dificultades.</p> <p>Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</p>



	Liderazgo	<p>Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</p> <p>Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades para alcanzar obxectivos.</p> <p>Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.</p>
	Creatividade	<p>Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.</p> <p>Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</p> <p>Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.</p>
	Emprendemento	<p>Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</p> <p>Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</p> <p>Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.</p> <p>Actuar con responsabilidade social y sentido ético no traballo.</p>
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<p>Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas</p> <p>Desenrolar as distintas intelixencias múltiples.</p> <p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</p> <p>Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</p>
	Ferramentas para estimular o pensamento	<p>Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente</p> <p>Desenrolar estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</p>
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<p>Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.</p> <p>Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.</p> <p>Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</p> <p>Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</p>

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESEÑO DAS COMPETENCIAS

### *Descrición do modelo competencias.*

Descrición do modelo competencias. Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, ni se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas. Abordar cada competencia de maneira global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes pilares que permiten describirla dunha maneira máis precisa. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia. O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que “describen” ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres y seis descritores redactados en infinitivo. En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competencia redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de maneira explícita na unidade, será concreto e obxectivable e indicanos que debemos entrenar e observar nas actividades deseñadas. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competencias definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso. Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza- aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible. Por outra parte, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que contribúan unha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir. A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as diferentes potencialidades con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta as súas necesidades.

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afíns á área. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Os contidos da área de Matemáticas oriéntanse de maneira prioritaria a garantir o desenvolvemento da competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos. Nesta competencia está presente a comprensión dos diferentes tipos de números e as súas operacións, así como na utilización de diversos contextos para a construción de novos coñecementos matemáticos; na facultade de desenrolar razoamentos, construíndo conceptos e avaliando a veracidade das ideas expresadas; na habilidade para identificar os distintos elementos matemáticos que se esconden tras un problema; tamén cando empregamos os medios para comunicar os resultados da actividade matemática ou cando utilizamos os coñecementos e as destrezas propias da área nas situacións que o requiran, tanto para obter conclusións como para tomar decisións con confianza. É necesario remarcar, sen embargo, que a contribución á competencia matemática lógrase na medida en que a aprendizaxe de dichos contidos vai dirixido precisamente a súa utilidade para enfrontarse ás múltiples ocasións nas que nenos e nenas empregan as matemáticas fora da aula. O desenvolvemento do pensamento matemático contribúe ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía porque fai posible unha mellor comprensión e unha descrición máis axustada do entorno. En primeiro lugar, co desenvolvemento da visualización (concepción espacial), os nenos e as nenas melloran a súa capacidade para facer construcións e manipular mentalmente figuras no plano e no espazo, o que lles será de gran utilidade no emprego de mapas, planificación de rutas, deseño de planos,

elaboración de debuxos, etc. En segundo lugar, a través da medida lógrase un mellor coñecemento da realidade e aumentanse as posibilidades de interactuar con ela e de transmitir informacións cada vez máis precisas sobre aspectos cuantificables do entorno. Por último, a destreza na utilización de representacións gráficas para interpretar a información aporta unha ferramenta moi valiosa para coñecer e analizar mellor a realidade.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenrolar e promover hábitos de vida saudable en canto a alimentación e o exercicio físico.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos).
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### ***Comunicación lingüística***

Para fomentar o desenrolo da competencia en comunicación lingüística dende a área de Matemáticas débese insistir en dous aspectos. Por unha parte a incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual, a adecuada precisión no seu uso e a utilización das linguaxes gráfico e estatístico, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. Por outra banda, é necesario incidir nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos. Trátase tanto de facilitar a expresión como de propiciar a escoita das explicacións dos demais, o que desenrola a propia comprensión, o espírito crítico e a mellora das destrezas comunicativas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

### ***Competencia dixital***

As Matemáticas contribúen á adquisición da competencia dixital en varios sentidos. Por unha parte porque proporcionan destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas. Por outra parte, a través dos contidos do bloque cuxo nome é precisamente tratamento da información contribúese á utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. A iniciación ao uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos está tamén unida ao desenrolo da competencia dixital.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.

- Utilizar as distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

### **Conciencia y expresións culturais**

As Matemáticas contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas, sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar ríspeto cara as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

### **Competencias sociais e cívicas**

Os contidos das Ciencias sociais (economía, climatoloxía, xeografía, poboación, produción, etc.) exprésanse en termos numéricos, gráficos, etc.. Por exemplo, a interpretación de pirámides de poboación, de gráficos económicos sobre o valor das cousas e climogramas abórdanse desde a área de Matemáticas para desenvolver aspectos vinculados coa competencia social e cívica. A aportación á competencia social e cívica adquire unha dimensión singular, a través do traballo en equipo se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

### **Sentido de iniciativa y espírito emprendedor**

A resolución de problemas ten, ao menos, tres vertentes complementarias asociadas ao desenvolvemento desta competencia: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A planificación está aquí asociada á comprensión en detalle da situación plantexada para trazar un plan, buscar estratexias e para tomar decisións; a xestión dos recursos inclúe a optimización dos procesos de resolución; por último, a avaliación periódica do proceso e a valoración dos resultados permiten facer fronte a outros problemas ou situacións con maiores posibilidades de éxito. Na medida en que a ensinanza das matemáticas incida nestes procesos e se plantexen situacións abertas, verdadeiros problemas, mellorará a contribución da área a esta competencia. Actitudes asociadas á confianza na propia capacidade para enfrontarse con éxito a situacións incertas están incorporadas a través de diferentes contidos do currículo.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupos a intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### ***Aprender a aprender***

A competencia aprender a aprender toma especial relevancia nunha área cuxa finalidade última é xerar procesos de pensamento eficaces para resolución de problemas. Por este motivo, traballáremola de maneira especialmente intensa, dado que está incrustada na súa razón de ser. Ademais, unha das maiores dificultades que encontramos na aprendizaxe desta materia é a pouca conciencia sobre a aprendizaxe e pouca confianza nas capacidades persoais para enfrontalo. Por iso, a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe e a consecución de obxectivos é especialmente relevante.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas
- Desenrolar as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenrolar estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

### Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.

- B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas. Análise e comprensión do enunciado
- B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, una táboa, un esquema da situacións.
- B1.3. Plantexamento de pequenas investigación en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
- B1.4. Acercamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a práctica en situación sinxelas
- B1.5. Confianza nas propias capacidades para desenrolar actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
- B1.6. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.
- B1.7. Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de aprendizaxe.

### Bloque 2. Números.

- B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións. Nome e grafía dos números de ata sete cifras
- B2.2. O sistema de numeración Decimal: valor posicional das cifras.
- B2.3. A centena de millar.
- B2.4. O número decimal: valor de posición.

## Programación didáctica 4º de primaria

- B2.5. Redondeo de números decimais ás unidades e ás decenas
- B2.6. El sistema de numeración decimal: valor de posición de las cifras.
- B2.7. Os números romanos.
- B2.8. Os números ordinais.
- B2.9. Números enteiros, decimais e fraccións: Nome e grafía dos números de ata sete cifras.
- B2.10. Número fraccionario.
- B2.11. Relación entre fracción e número decimal.
- B2.12. Estimación de resultados.
- B2.13. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.
- B2.14. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.
- B2.15. O sistema sexaxesimal e a lectura de reloxos analóxicos e dixitais.
- B2.16. O uso das moedas e billetes do sistema euro.

### Bloque 3. Medidas.

- B3.1. Unidades del Sistema Métrico Decimal.
- B3.2. Lonxitude, capacidade, peso.
- B3.3. Expresión dunha medida de lonxitude, capacidade ou masa, en forma complexa e incompleta.
- B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.
- B3.5. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa.
- B3.6. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos utilizados.
- B3.7. Resolución de problemas de medida referidas a situacións da vida real.
- B3.8. Medida de ángulos.
- B3.9. O ángulo como medida dun xiro ou abertura.
- B3.10. Unidades do Sistema Sesaxesimal.
- B3.11. Comparación e ordenación de medidas de tempo.
- B3.12. Usar medidas de tempo complexas e incomplexas para resolver problemas.
- B3.13. Unidades do Sistema Monetario Euro.

### Bloque 4. Xeometría.

- B4.1. A situación no espazo, distancias, ángulos e xiros: Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico.
- B4.2. Eixes de coordenadas.
- B4.3. As liñas como recorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.
- B4.4. Formas planas e espaciais: Identificación de figuras espaciais na vida cotiá.
- B4.5. Os corpos xeométricos: cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros.
- B4.5. Os polígonos e os seus elementos.
- B4.6. Descrición da forma de obxectos utilizando o vocabulario xeométrico básico.
- B4.7. Construción de figuras xeométricas de corpos xeométricos a partir dun desenrolo.
- B4.8. Exploración de formas xeométricas elementais.
- B4.9. Comparación e clasificación de corpos xeométricos utilizando diversos criterios.
- B4.10. Regularidades e simetrías.
- B4.11. Transformacións métricas: traslacións e simetrías.

### Bloque 5. Estatística e probabilidade.

B5.1. cadros de frecuencia e gráficos.

B5.2. Recollida e rexistro de datos.

B5.3. Lectura e interpretación de táboas de datos. Representación en diagramas de barras e pictogramas.

### CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grado de protagonismo.

En concreto, na área de Matemáticas:

Necesitamos adestrar de maneira sistemática os procedementos que conforman o andamiaxe da materia. Aínda que a finalidade da área é adestrar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, necesitamos dotar aos alumnos de ferramentas para poder desenrolar este aspecto. Para iso necesitamos un certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: algoritmos de cálculo, propiedades, linguaxe matemática, operacións, cálculo mental

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de razoamento lóxico, o **traballo en grupo colaborativo** aporta, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e profundizar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenrolen dende a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos podan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenrolo dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Matemáticas é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competencias facilita este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.

1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
2. Profundizar en problemas resoltos, plantexando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, etc.
3. Elaborar e presentar pequenos informes sobre o desenrolo, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.

4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as Matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.
5. Planificar e controlar as fases de método de traballo científico en situacións adecuadas ao nivel.
6. Desenrolar e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.
7. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
8. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións similares futuras.
9. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en Internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións dos mesmos.
10. Seleccionar e utilizar ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo, para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.

## Bloque 2. Números.

1. Ler, escribir e ordenar os números naturais de ata sete cifras, interpretando o valor posicional de cada unha delas, comparando e ordenándoos polo valor posicional e na recta numérica, utilizándoos na interpretación e na resolución de problemas en contextos reais.
2. Ler, escribir e ordenar números romanos, utilizándoos na interpretación e na resolución de problemas en contextos reais.
3. Ler, escribir e ordenar fraccións e números decimais, utilizándoos na interpretación e na resolución de problemas en contextos reais.
4. Realizar cálculos numéricos básicos coas operacións de suma, resta, multiplicación utilizando diferentes estratexias e procedementos.
5. Coñecer, elaborar e utilizar estratexias básicas de cálculo mental e aplicarlas á resolución de problemas.
6. Identificar e diferenciar as divisións exactas e as inexactas e recoñecer as relacións existentes entre os seus termos para aplicarlas á realización de cálculos e á comprobación de resultados (proba da división).

## Bloque 3. Medidas.

1. Interpretar textos numéricos, resolver problemas relacionados coa medida en contextos da vida cotiá, utilizando as unidades de medida, explicando o proceso seguido, escollendo os instrumentos de medida máis adecuados en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, peso e tempo facendo previsións razoables
2. Identificar e escoller as unidades e instrumentos de medida máis adecuados para medir ángulos.
3. Interpretar con sentido textos numéricos e resolver problemas da vida cotiá relacionados coas medidas e as súas magnitudes.
4. Aplicar as equivalencias e realizar transformacións dunhas unidades a outras.
5. Saber expresar unha unidade de forma complexa e incomplexa.

## Bloque 4. Xeometría.

1. Describir unha representación espacial (croquis, planos sinxelos ), interpretar e elaborar informacións referidas á situacións e movementos (seguir un recorrido dado, indicar unha dirección) e valorar



expresións artísticas, utilizando como elementos de referencia as nocións xeométricas básicas (situación, alineamento, movementos).

2. Recoñecer e describir formas e corpos xeométricos do espazo (cubos, prismas, cilindros, esferas), a través da manipulación e a observación, e realizar clasificacións segundo diferentes criterios.
3. Recoñecer e representar as posibles posicións de rectas no entorno.
4. Recoñecer e representar posicións relativas de rectas e circunferencias.
5. Construír corpos xeométricos a partir do debuxo que representa o desenrolo dun corpo xeométrico sinxelo

#### Bloque 5. Estatística e probabilidade.

1. Interpretar textos numéricos, resolver problemas. Recoller datos utilizando técnicas de reconto, rexistrar ordenando os datos atendendo a criterios de clasificación e expresando o resultado en forma de táboa ou gráfica.
2. Formular e resolver problemas que impliquen recollida, representación e análise de datos

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.

- 1.1. Progresa na comunicación verbal de forma razoada do proceso seguido na resolución dun problema de Matemáticas ou en contextos da realidade.
  - 2.1. Progresa na análise e comprensión do enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).
  - 2.2. Progresa na utilización de estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.
  - 2.3. Progresa na reflexión sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc.
  - 2.4. Progresa na realización de estimacións e elabora conxeturas sobre os resultados dos problemas a resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.
  - 2.5. Progresa na identificación e interpretación de datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas).
- 3.1. Progresa na identificación de patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais
- 3.2. Progresa na realización de predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.
- 4.1. Progresa na profundización en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.
- 4.2. Progresa no planeamento de novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, buscando outros contextos, etc.
- 5.1. Progresa na elaboración de informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.
- 6.1. Progresa na práctica do método científico, sendo ordenado, organizado e sistemático.

6.2. Progresa na planificación do proceso de traballo con preguntas adecuadas: que quero averiguar?, que teño?, que busco?, como o podo facer? ...

7.1. Progresa na realización de estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez, valorando os pros e os contras do seu uso.

8.1. Progresa na elaboración de hipóteses e busca argumentos que as validen o as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.

9.1. Recoñece, desenrola e mostra actitudes adecuadas para o traballo en Matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.

9.2. Plánteala resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao seu nivel educativo e á dificultade da situación.

9.3. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias adecuadas para cada caso.

9.5. Progresa no desenrolo e aplicación de estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de contraexemplos) para crear e investigar conxeturas e construír e defender argumentos.

11.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenrolados, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares, etc.

12.1. Progresa na utilización de ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.

## Bloque 2. Números.

1.1. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais de ata sete cifras), interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

1.2. Lee, escribe, ordena, compara, representa na recta numérica, descompón, e redondea números naturais.

2.1. Utiliza os números decimais e fraccionarios sinxelos para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.

2.2. Redondea números decimais á unidade e á décima.

2.3. Descompón números decimais atendendo ao valor posicional das súas cifras.

2.4. Le e escribe fraccións básicas.

2.5. Compara fraccións de igual denominador.

2.6. Interpreta o significado de fraccións sinxelas en textos numéricos da vida diaria.

2.7. Aplica a relación entre fracción e número decimal, a ordenación de fraccións.

2.8. Resolve situacións da vida diaria, interpretando diferentes tipos de números segundo o seu valor, comparando e intercalando números escritos de diferentes maneiras.

2.9. Le, escribe, ordena, compara e aplica o sistema sesaxesimal en contextos da vida cotiá.

2.10. Le, escribe e usa números romanos en contextos da vida real..

2.11. Le e escribe números ordinais e utilízalos en contextos reais para indicar a posición dun elemento nunha serie ou unha relación de orde entre varios elementos.

### *Operacións:*

3.1. Utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, estimando a coherencia dos resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás

3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador.

3.3. Realiza operacións con números decimais.

3.4. Ordena elementos usando os números ordinais.

3.5. Aplica a xerarquía das operacións e os usos do parénteses.

3.6. Coñece e usa a multiplicación de números naturais e a suma, resta e multiplicación de números decimais así como os correspondentes algoritmos.

3.7. Coñece as regras da numeración romana e realiza operacións de equivalencia co sistema métrico decimal.

3.8. Realiza operacións dentro do sistema monetario do euro.

3.9. Integra o uso do paréntese valorando as súas posibilidades.

3.10. Respeta a xerarquía de operacións en todos os casos de expresións combinadas.

3.11. Utiliza as diferentes formas de medir o tempo e as súas unidades correspondentes para resolver problemas.

#### *Cálculo:*

3.12. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situacións de resolución de problemas.

3.13. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.

3.14. Utilizar as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que hai que facer (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), decidindo sobre o uso máis adecuado.

3.15. Elabora e usa estratexias de cálculo mental.

3.16. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.

3.17. Estima e redondea o resultado dun cálculo e valorando a resposta.

3.18. Opera coas unidades do euro.

3.19. Opera coas unidades do sistema sesaxesimal.

#### Bloque 3. Medidas.

1.1. Selecciona o instrumento e as unidades en función da orden de magnitude, para realizar medicións con instrumentos sinxelos (regra, metro, balanza, reloxos...).

1.2. Utiliza, en contextos reais, as medidas máis usuais de lonxitude, peso/masa, capacidade, tempo, moedas e billetes, elixindo a máis adecuada á situación.

1.3. Compara e ordena unidades e cantidades dunha mesma magnitude, realizando conversións das máis usuais.

1.4. Interpreta con sentido textos numéricos da vida cotiá relacionados coas medidas e as súas magnitudes.

1.5. Estima medidas de obxectos e resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades, tempos) en situacións da vida cotiá.

1.6. Resolve problemas de medida explicando o significado dos datos, a situación plantexada, o proceso seguido e as solucións obtidas.

2.1. Recoñece o ángulo como medida dun xiro ou abertura.

2.2. Mide ángulos utilizando instrumentos convencionais.

3.1. Interpreta con sentido textos numéricos e resolve problemas da vida cotiá relacionados coas medidas e as súas magnitudes.

#### Bloque 4. Xeometría.

1.1. Observa, Identifica e describe situacións da vida cotiá nas que é necesario utilizar nocións de orientación e representación espacial cun linguaxe adecuado (dereita-esquerda, rectas, paralelas, perpendiculares, ángulos, movementos).

1.2. Localiza puntos utilizando coordenadas cartesianas.

1.3. Interpreta e describe a posición dun obxecto, rúa, persoa situada nun espazo real ou nun croquis, un plano..., utilizando as propiedades xeométricas como elementos de referencia.

1.4. Interpreta e describe movementos e recorridos realizados nun espazo real, un croquis, un plano, utilizando as propiedades xeométricas como elementos de referencia.

1.5. Identifica e representa posicións, movementos e recorridos sobre un espazo real o un texto xeométrico sinxelo (croquis, plano), a partir de explicacións de outras persoas.

1.6. Identifica e reproduce manifestacións artísticas que inclúen simetrías e traslacións.

2.1. Identifica figuras espaciais en formas e obxectos da vida cotiá.

2.2. Describe corpos xeométricos a partir da manipulación e a observación dos seus elementos característicos, utilizando un vocabulario xeométrico apropiado.

2.3. Compara e clasifica figuras utilizando diversos criterios libremente elixidos.

2.4. Recoñece unha figura espacial a partir da manipulación e dunha descrición verbal.

2.5. Utiliza instrumentos de debuxo necesarios para a construción e exploración de formas xeométricas.

2.6. Resolve problemas xeométricos aplicando os conceptos e procedementos traballados.

3.1. Recoñece e representa as posibles posicións de rectas no entorno: horizontais, verticais e oblicuas

3.2. Recoñece e representa as posibles posicións de rectas no entorno, paralelas, concurrentes e perpendiculares. .

#### Bloque 5. Estatística e probabilidade.

1.1. Recopila datos e informacións da vida diaria e elabora táboas de dobre entrada e gráficas sinxelas, ordenando e comunicando de maneira adecuada a información.

1.2. Formula e resolve problemas a partir da interpretación de datos presentados en forma de táboas de frecuencia e gráficas de barras e de liñas.

1.3. Aplica os coñecementos a situacións da vida cotiá e identifica situacións do seu entorno onde sexan útiles.

### RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- O libro do alumno para a área de Matemáticas 4º E.P.
- A proposta didáctica para Matemáticas 4º E.P.
- Os recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación
- Os cadernos complementarios ao libro do alumno.
- O libro dixital.
- O CD que acompaña á proposta didáctica.
- O material de aula correspondente a este curso.

**EVIDENCIAS PARA O PORTAFOLIO**

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portafolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostren o nivel en consecución do estándar e detallen a súa evolución ao longo do curso.

O portafolio é una ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente na recollida de evidencias da avaliación do alumno. Cada evidencia leva una reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal.

As evidencias poden ser:

- Exercicios do libro que traballen os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas a un contexto real.
- Debuxos que representan o que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

**4- LENGUA CASTELLANA**

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas na ciencia e tecnoloxía</i></p>	<p>Coidado do entorno medioambiental e dos seres vivos</p>	<p>-Interactuar coa contorna natural de maneira respectuosa.</p> <p>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.</p> <p>- Respetar e preservar a vida dos seres vivos da súa contorna.</p> <p>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano na contorna natural e as repercusións para a vida futura.</p>
	<p>Vida saudable</p>	<p>- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</p> <p>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.</p>

	<p>A ciencia no día a día</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).</li> <li>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder preguntas.</li> </ul>
	<p>Manexo de elementos matemáticos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.</li> <li>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</li> <li>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.</li> </ul>
	<p>Razoamento lóxico e resolución de problemas</p>	<p>Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.</li> <li>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</li> </ul>
<p><i>Comunicación lingüística</i></p>	<p>Comprensión: oral e escrita</p>	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>
	<p>Expresión: oral e escrita</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>

	<p>Normas de comunicación</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
	<p>Comunicación noutras linguas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.</li> <li>- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.</li> </ul>
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<p>Tecnoloxías da información</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a procura de información.</li> <li>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>
	<p>Comunicación audiovisual</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>
	<p>Utilización de ferramentas dixitais</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>

<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Ríspeto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuír seu desenvolvemento.</li> <li>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul>
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.</li> <li>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.</li> <li>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito refrendado por unha constitución.</li> <li>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> </ul>
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprender a comportarse desde o coñecemento dos diferentes valores.</li> <li>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> </ul>



		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.</li> <li>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>
	Liderazgo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.</li> </ul>
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos dun tema.</li> <li>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>- Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.</li> </ul>
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> <li>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.</li> <li>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> </ul>

		- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente. - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

- 1- Participar en situacións de comunicación dirixidas e espontáneas.
2. Expresarse de forma oral satisfacendo as necesidades de comunicación en diferentes situacións.
3. Comprender as mensaxes orais.
4. Ampliar o vocabulario para a mellora da expresión e a comunicación.
5. Comprender e memorizar diferentes tipos de textos.
6. Producir textos orais e sinxelos relacionados co ámbito cotiá do alumno.
7. Utilizar a linguaxe oral para comunicarse.
8. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.
9. Ler e comprender distintos tipos de textos acordes á súa idade.
10. Utilizar estratexias para a comprensión de textos.
11. Utilizar as TIC como medio para a lectura e comprensión de textos e para a realización de exercicios.

12. Traballar o Plan Lector para fomentar o gusto pola lectura.
13. Producir textos escritos de acordo con modelos sinxelos.
14. Utilizar a lingua de forma oral e escrita.
15. Utilizar o dicionario como recurso.
16. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
17. Favorecer o pensamento crítico.
18. Traballar o plan de escritura para a mellora da eficacia escritora e fomentar a creatividade.
19. Utilizar as TIC para presentar as súas producións.
20. Identificar os compoñentes básicos dunha situación comunicativa.
21. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos.
22. Coñecer e aplicar as normas ortográficas e utilízalas con corrección nos textos.
23. Recoñecer e identificar os elementos da frase: suxeito-predicado e a súa relación.
24. Recoñecer a realidade plurilingüe de España.
25. Utilizar os textos literarios como fonte de gozar e enriquecemento.
26. Integrar a lectura expresiva e a comprensión de textos.
27. Utilizar as bibliotecas de aula e de centro para obter información e gozar da lectura.
28. Elaborar textos sinxelos seguindo patróns.
29. Identificar e corrixir en textos orais e sinxelos trazos e expresións que manifesten discriminación.
30. Participar en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.

#### CONTRIBUCIÓN DA ÁREA L. C. AO DESEÑO DAS COMPETENCIAS

Na área de Lingua Castelá e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

#### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular posibilita a familiarización coa linguaxe propia facendo un uso adecuado de termos, expresións e comunicación do proceso seguido na resolución de problemas.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e os aparellos para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso ao redor.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.

- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.

### **Comunicación lingüística**

A lectura e escritura son instrumentos fundamentais para a adquisición do coñecemento. Os alumnos deben dominar as destrezas orais e escritas, polo que se lles debe dotar de ferramentas para a mellora na aprendizaxe e nos resultados.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos
- Manexar elementos de comunicación non verbal, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Gozar coa lectura.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.

### **Competencia dixital**

A competencia dixital axuda ao alumno para desenvolverse de forma autónoma, xa que a utilización de recursos dixitais leva unha vantaxe por parte do alumno porque coñece e utiliza habitualmente ditas ferramentas. Nesta área faise necesario o manexo destas ferramentas para a adquisición do coñecemento.

Na área de Lingua Castelá e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### **Conciencia e expresións culturais**

A pluralidade na que vivimos obríganos a coñecer a fondo o noso mundo. A perspectiva é diferente dependendo desde onde observemos a nosa contorna. Esta competencia posibilitáanos o entendemento das diferentes manifestacións culturais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar ríspeto cara as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### **Competencias sociais e cívicas**

A área de Lingua Castelá e Literatura incide na práctica dun marco de actitudes e valores tales como: o respecto ás normas de convivencia, o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento do espírito crítico, o ríspeto aos dereitos humanos e o pluralismo...

Os descritores desta competencia poden axudar a conseguir o exposto:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A expresión oral e a expresión escrita son dúas ferramentas que non poden faltar para adestrar diferentes habilidades desta competencia.

Neste caso, os descritores son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Contaxiar o entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

### **Aprender a aprender**

A metodoloxía é un alicerce importante nesta área xa que vai posibilitar todos aqueles aspectos que supoñan unha adquisición de vocabulario, coñecemento da literatura, achegamento ao hábito lector...

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, creativo, emocional, interdependente.

- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función de resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

## ORGANIZACIÓN Y SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS – L C

### Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Situacións da comunicación, con distinta intención, respetando unha orde espacial, cronolóxico ou lóxico no discurso.
2. Habilidades e estratexias de comunicación: enquisas e entrevistas.
3. Comentario e opinión persoal empregando expresións adecuadas para pedir quenda de palabra, formular, facer peticións, agradecer unha colaboración...
4. Mensaxes verbais e non verbais.
5. Reprodución de textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos e instrutivos.
6. Comprensión de textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, informativos, persuasivos e argumentativos.
7. Escoita, creación, memorización, dramatización e reprodución de textos breves e sinxelos que estimulen o interese e a curiosidade do alumno.

### Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

1. Consolidación do sistema de lecto-escritura.
2. Comprensión de textos lidos en voz alta e en silencio.
3. Audición de diferentes tipos de textos.
4. Coñecemento e uso progresivo de estratexias que faciliten a comprensión global dun texto en todas as fases do proceso lector: antes da lectura (identificando o obxectivo, activando o coñecemento previo...), durante a lectura (recorrendo ao contexto de palabras ou frases para solucionar problemas de comprensión, usando dicionarios...) e despois da lectura (extraendo a idea principal, resumindo, interpretando e valorando o sentido de palabras, frases e texto).
5. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos en relación co ámbito de uso: ámbito persoal e familiar (diarios, notas, cartas, invitacións, etc.), ámbito escolar (resumos, esquemas, murais, etc.) e ámbito social (noticias procedentes dos medios de comunicación e de Internet); e en relación coa finalidade que perseguen: narracións (contos, relatos tradicionais, chistes, cancións, etc.), descripcións e instrucións da vida cotiá.
6. Comprensión global: recoñecemento da intención comunicativa do falante, determinación do tema do texto, diferenciación de ideas principais e secundarias e obtención de información concreta.
7. Interpretación do sentido do texto: determinación da actitude do falante.
8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión.
9. Selección de libros segundo o gusto persoal.
10. Plan lector.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Interese crecente pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe e como forma de comunicar sentimentos, experiencias, coñecementos e emocións. O texto escrito como fonte de información, de aprendizaxe e de diversión.
2. Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: narracións, descricións, textos expositivos, argumentativos e persuasivos, poemas, diálogos, entrevistas e enquisas.
3. Cohesión do texto: ligazóns, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal, puntuación.
4. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.
5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura...).
6. Revisión e mellora do texto.
7. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, guión, dous puntos, raía, signos de entoación, paréntese, comiñas). Acentuación.
8. Caligrafía. Orde e presentación.
9. Ditados.
10. Plan de escritura.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

1. Elementos da comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe e contexto.
2. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
3. Coñecemento e aplicación progresiva das normas ortográficas que se integran nas situacións de comunicación escrita regulando e asegurando a fluidez no intercambio comunicativo.
4. Observación, reflexión e explicación das relacións semánticas das palabras (sinonimia, antonimia e polisemia) e das súas modificacións e asociacións significativas.
5. Recoñecemento e explicación das funcións oracionais: suxeito e predicado.
6. Recoñecemento da realidade plurilingüe de España.

Bloque 5. Educación literaria.

1. O texto literario como fonte de comunicación, de pracer, de xogo, de entretemento, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, de aprendizaxe, e como medio de organizarse e resolver problemas da vida cotiá.
2. Textos literarios e textos non literarios. Prosa e verso. O conto: a estrutura. Os contos populares. O teatro: actos e escenas. Poesía: a rima. As fábulas. As lendas. O cómic.
3. Textos propios da tradición literaria: textos de tradición oral (fábulas, lendas, cancións populares, contos...), textos de xénero narrativo (contos, biografías, autobiografías, novela realista, de aventuras, de misterio, de ciencia ficción, de fantasía) e textos doutros xéneros (teatro ou poesía).
4. Identificación de recursos literarios.
5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN - LC

### Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Expresarse oralmente en situacións comunicativas propias da vida escolar, participando en conversacións que traten temas cotiáns.
2. Participar en enquisas ou entrevistas, utilizando estratexias e expresións adecuadas, expresando a súa opinión persoal.
3. Producir e presentar mensaxes verbais e non verbais utilizando estratexias, habilidades e normas adecuadas a diferentes situacións de comunicación.
4. Expresar e producir textos orais sinxelos segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, informativos, instrutivos e argumentativos.
5. Comprender o sentido e as características dos textos orais segundo a súa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais, deducindo o significado das palabras polo seu contexto e ampliando o seu vocabulario.
6. Memorizar, crear e reproducir contos, historias, textos sinxelos próximos aos seus gustos e intereses, representando pequenas obras de teatro con axuda dos recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos do seu corpo.

### Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.
2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.
4. Aplicar estratexias de lectura para a comprensión e interpretación de textos escritos integrando os tres momentos do proceso lector: antes da lectura, durante a lectura e despois da lectura.
5. Ler, comprender, interpretar e valorar textos orais propios do ámbito persoal e familiar, ámbito escolar e ámbito social, captando o seu sentido global, identificando a información relevante, extraendo informacións concretas, realizando inferencias, determinando a actitude do falante e valorando algúns aspectos da súa forma e o seu contido.
6. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo respectando en todo momento as opinións dos demais.
7. Utilizar os dicionarios, a biblioteca do centro e as Tecnoloxías da Información e Comunicación como fonte de obtención de información.
8. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.
9. Levar a cabo o plan lector, que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia lectora e fomenta o gusto pola lectura.

### Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Utilizar a lingua, de forma oral e escrita, para formular e responder a preguntas, narrar historias e expresar sentimentos, experiencias e opinións.
2. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respetando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, a orde e a presentación.
3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando



estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.

4. Utilizar o diccionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.
5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
6. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.
7. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.
8. Levar a cabo o plan de escritura que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.
9. Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.

#### Bloque 4. Coñecemento da lingua.

1. Identificar os compoñentes básicos de calquera situación comunicativa.
2. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos diversos usos da lingua.
3. Coñecer e aplicar as normas ortográficas e utilízalas con corrección nos textos escritos axustando progresivamente a súa produción en situacións reais de comunicación escrita ás convencións establecidas.
4. Comprender, explicar e valorar as relacións semánticas que se establecen entre as palabras.
5. Recoñecer e identificar os elementos da frase, suxeito e predicado, e a súa relación.
6. Recoñecer a realidade plurilingüe de España valorándoa como unha riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.

#### Bloque 5. Educación literaria.

1. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozar e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.
2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, diferenciando as principais convencións formais dos xéneros.
3. Utilizar as bibliotecas de aula e de centro para obter información e gozar da lectura de obras literarias apropiadas.
4. Elaborar textos sinxelos, seguindo patróns característicos, empregando de forma coherente a lingua escrita e a imaxe.
5. Identificar e corrixir, en textos orais e escritos, os trazos e expresións que manifesten discriminación social, cultural, étnica e de xénero.
6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios, orais e escritos, adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - LC**

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

- 1.1. Expresa e expón opinións propias en discusións ou temas propostos.
- 1.2. Participa en conversacións sobre temas cotiáns dando explicacións e argumentos.
- 2.1. Participa en enquisas escoitando, preguntado e anotando datos.
- 2.2. Expresa opinións persoais respectando as achegas dos demais e facendo uso de expresións adecuadas como: formular desexos, pedir quenda de palabra, peticións, agradecer unha colaboración...
- 3.1. Utiliza a linguaxe oral para comunicarse, usando as normas básicas de cortesía (saudar, pedir permiso, desculpas, suxestións, dúbidas...).
- 3.2. Expresa nas intervencións orais habituais feitos, sensacións, anécdotas, sucesos ou experiencias con pronuncia, entoación; ritmo e vocabulario adecuados á situación e tipo de texto.
- 3.3. Identifica e interpreta elementos extralingüísticos que interveñen no discurso oral: xestos, sons, miradas, imaxes e recursos para controlar os procesos comunicativos.
- 4.1. Produce oralmente textos sinxelos da vida cotiá, explica procesos: receitas de cociña, instrucións de xogos, experimentos...
- 4.2. Narra experiencias persoais, sensacións, contos, noticias e diálogos.
- 4.3. Describe obxectiva e subxectivamente persoas, animais, obxectos e lugares usando o vocabulario traballado.
- 4.4. Participa en debates e discusións sobre temas propostos.
- 4.5. Utiliza na comunicación oral pausas, pronuncia clara e ton adecuado, para resaltar aquilo que sexa de interese.
- 5.1. Identifica as ideas principais e secundarias, respondendo a preguntas sobre datos e ideas expostas nun texto.
- 5.2. Analiza e expón oralmente as mensaxes transmitidas nun texto narrativo, descritivo, argumentativo, expositivo e instrutivo.
- 5.3. Interpreta o sentido figurado dun texto publicitario.
- 5.4. Deduce o significado das palabras polo contexto.
- 5.5. Recoñece elementos non verbais que favorecen a comprensión: xestos, ilustracións...
- 5.6. Presenta un resumo oral tras a audición dun relato ou exposición.
- 6.1. Escoita e reproduce oralmente diferentes tipos de texto.
- 6.2. Memoriza textos orais con diferente finalidade.
- 6.3. Utiliza documentos gráficos (imaxes, esquemas...), ou escritos para guiarse nas súas presentacións orais.
- 6.4. Crea e reproduce oralmente textos sinxelos (narrativos, descritivos, expositivos e instrutivos), respectando entoación, pausas, ton de voz, ritmo...
- 6.5. Utiliza as posibilidades expresivas do corpo nas representacións teatrais (voz, corpo, movemento).

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

- 1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez, entoación e expresividade adecuadas.
- 1.2. Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras.
- 2.1. Entende a mensaxe, de maneira global, e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos a partir da lectura dun texto en voz alta.
- 2.2. Mostra comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá.

- 3.1. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade.
- 3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo brevemente os textos lidos.
- 4.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos e traballando os erros de comprensión.
- 4.2. Realiza lectura expresiva de textos de diversa índole.
- 4.3. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto valorando fontes gráficas (imaxes, diagramas...), tipográficas, etc.
- 4.4. Utiliza diferentes instrumentos de aprendizaxe para a comprensión de palabras ou enunciados descoñecidos (contexto, dicionario...) e incorpóraos ao seu repertorio léxico.
- 4.5. Usa os coñecementos adquiridos, a través da lectura e a través da súa propia experiencia persoal, para valorar o texto de forma global ou en aspectos concretos, fundamentando as súas opinións persoais con argumentos coherentes.
- 5.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, ámbito escolar e ámbito social (textos xornalísticos?) identificando características dos mesmos.
- 5.2. Localiza informacións explícitas nun texto relacionándoas entre si e secuenciándoas.
- 5.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto poñéndoa en relación co contexto.
- 5.4. Retén información relevante seleccionando ideas principais, refugando ideas pouco significativas e reorganizando os datos recibidos.
- 5.5. Recoñece a idea principal e as ideas secundarias comprendendo relacións entre elas.
- 5.6. Comprende e segue instrucións de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e en procesos de aprendizaxe.
- 6.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais, ou globais, dun texto.
- 6.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
- 6.3. Respecta as opinións dos demais.
- 7.1. Utiliza, de forma progresiva e autónoma, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos.
- 7.2. Coñece e manexa dicionarios escolares, impresos ou en versión dixital.
- 7.3. Coñece o funcionamento da biblioteca do seu centro e da súa localidade.
- 8.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos.
- 8.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.
- 9.1. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de entretemento manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.
- 9.2. Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor, editorial, xénero, ilustracións.

### Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

- 1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá: diarios, cartas e correos electrónicos, imitando textos modelo.
- 1.2. Escribe textos do ámbito académico, cotián ou social usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
- 1.3. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.
- 1.4. Cumprimenta correctamente formularios e impresos da vida cotiá: inscricións, solicitudes...
- 2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas fundamentais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.

2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas.

2.3. Reproduce textos ditados con corrección.

3.1. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, mapas conceptuais.

4.1. Utiliza habitualmente o dicionario no proceso de escritura.

4.2. Escribe ditados sistematicamente para mellorar na corrección ortográfica e gramatical.

5.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais, revistas, etc.)

5.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e dixital, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.

6.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal e creativa.

7.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas.

7.2. Valora a súa propia produción escrita, así como a dos seus compañeiros.

8.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos:

- Planificación, redacción, revisión e mellora.
- Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor-lector, a presentación, etc.
- Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata.
- Presenta con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos.
- Reescribe o texto.

8.2. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.

9.1. Usa con eficacia as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.

9.2. Utiliza Internet e as TIC: reprodutor de vídeo, reprodutor de DVD, computador, reprodutor de CD-audio, cámara de fotos dixital e gravadora de audio como recursos para a realización de tarefas diversas: escribir e modificar un texto, crear táboas e gráficas, etc.

#### Bloque 4. Coñecemento da lingua.

1.1. Identifica e reconece os compoñentes básicos da comunicación nas diferentes situacións comunicativas: emisor, receptor, canle, código, mensaxe e contexto.

2.1. Reconece e identifica substantivos, adxectivos, determinantes e pronomes, artigos, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.

2.2. Reconece e corrixe erros de concordancia en textos propios e alleos aplicando os coñecementos adquiridos sobre as categorías gramaticais e as súas normas de uso.

2.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais ou escritas.

2.4. Reconece as relacións gramaticais que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal observando as regras de concordancia.

3.1. Reconece e corrixe progresivamente erros ortográficos en textos propios e alleos aplicando os coñecementos adquiridos na mellora progresiva da súa produción escrita.

4.1. Reconece, explica e usa sinónimos e antónimos dunha palabra explicando o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.

4.2. Reconece e explica as relacións polisémicas que se establecen nalgunhas palabras aclarando o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.

5.1. Identifica o núcleo nun grupo nominal e explica a relación que manteñen o resto de palabras do grupo co núcleo: artigo que determina, adxectivo que describe ou precisa ao nome...

5.2. Identifica o suxeito e o predicado de frases, explicando a presenza ou ausencia do suxeito en función da intención comunicativa do texto.

5.3. Identifica, define e escribe oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.

6.1. Localiza nun mapa as distintas linguas de España na actualidade.

6.2. Identifica as linguas e dialectos de España como riqueza cultural.

#### Bloque 5. Educación literaria.

1.1. Le e comenta textos propios da literatura infantil (poesía, cómics, contos, etc.), utilizando, entre outras fontes, webs infantís.

1.2. Le pequenas obras literarias, completando as actividades propostas, expoñendo as súas opinións.

2.1. Manexa procedementos para a interpretación de textos, como o subliñado de ideas esenciais, a relectura e a consulta no dicionario.

2.2. Diferenza as principais convencións formais dos textos literarios.

3.1. Elabora, de forma escrita ou dixital, contos e poemas, utilizando a imaxe para expresar situacións comunicativas concretas.

3.2. Utiliza un vocabulario adecuado segundo as diferentes situacións comunicativas adquirido a través da lectura de textos literarios e non literarios.

3.3. Interpreta e analiza a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, descricións subxectivas, diálogos directos e indirectos, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios.

3.4. Distingue algúns recursos literarios e utilízalos (comparacións, rimas, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos) nas súas composicións.

4.1. Crea textos (contos, poemas, cancións e pequenas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos sintácticos, fónicos e rítmicos nas devanditas producións.

5.1. Selecciona textos orais e escritos dos medios de comunicación impresa, audiovisual e dixital, identificando trazos e expresións que manifesten discriminación social, cultural, étnica e de xénero.

6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia.

6.2. Valora, memoriza e reproduce textos orais breves e sinxelos, contos, poemas, cancións, refráns, frases feitas, adiviñas e trabalinguas.

### RECURSOS DIDÁCTICOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo da contidos da área de Lingua Castelá e Literatura:

- CD audio do libro do alumno: audición da lectura inicial.

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.

Ditados: proposta de ditados para cada unha das regras ortográficas con diferente nivel de dificultade e cadro de autoavaliación. Comprensións lectora e oral con fichas de avaliación.

- Plan lector: recomendación de nove libros cos seus correspondentes proxectos de animación á lectura e de «Taller de escritura» para cada un dos libros recomendados. Accesible a través das webs [www.anayaeducacion.es](http://www.anayaeducacion.es) e [www.leerenelaula.com/planlector/](http://www.leerenelaula.com/planlector/).

- Caderno complementario ao libro do alumno e cadernos de Ortografía, Ditados, Redacción, Caligrafía e Comprensión lectora.
- Textos tolos: proposta lúdica para traballar con distintos tipos de textos.
- Póster de regras ortográficas e póster das conxugacións verbais en modo indicativo

## EVIDENCIAS PARA O PORTAFOLIOS

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos algún portafolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e recollida de produtos que mostren o nivel de consecución do estándar e mostren a evolución do mesmo ao longo do curso.

O portafolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe, e consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse dita recollida ou deixar ao alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portafolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

As evidencias que podemos recoller na área de Lingua Castelá e Literatura poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado en aula.

## 5- ÁREA DE LINGUA GALEGA

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
-------------	-------------	-------------

<p><i>Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<p>Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos</p>	<p>Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.</p> <p>Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</p> <p>Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.</p> <p>Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.</p>
	<p>Vida saudable</p>	<p>Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</p> <p>Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable do mesmo.</p>
	<p>A ciencia no día a día</p>	<p>Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</p> <p>Aplicar métodos científicos rigorosos para mellora a comprensión da realidade circundante.</p> <p>Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso redor.</p>
	<p>Manexo de elementos matemáticos</p>	<p>Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.</p> <p>Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.</p>
	<p>Razoamento lóxico e resolución de problemas</p>	<p>Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.</p> <p>Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.</p> <p>Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.</p>

<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<p>Comprender o sentido dos textos escritos.</p> <p>Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...</p> <p>Gozar coa lectura.</p>
	Expresión: oral e escrita	<p>Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.</p> <p>Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.</p> <p>Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</p>
	Normas de comunicación	<p>Respectar as normas de comunicación en calquera contexto quenda de palabra, escoita atenta ao Interlocutor...</p> <p>Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</p>
	Comunicación noutras linguas	<p>Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso da mesma.</p> <p>Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</p> <p>Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.</p>
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<p>Empregar distintas fontes para a busca de información.</p> <p>Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</p> <p>Elaborar e publicar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</p>
	Comunicación audiovisual	<p>Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</p> <p>Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</p>



	Utilización de ferramentas dixitais	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</p> <p>Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</p> <p>Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</p>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<p>Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.</p> <p>Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</p> <p>Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</p>
	Expresión cultural e artística	<p>Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.</p> <p>Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.</p> <p>Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</p>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<p>Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</p> <p>Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.</p>
	Relación cos demais	<p>Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</p> <p>Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</p> <p>Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</p>
	Compromiso social	<p>Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</p> <p>Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</p>

		<p>Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e resp distintos ritmos e potencialidades.</p> <p>Involucrarse ou promover accións cun fin social.</p>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<p>Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</p> <p>Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</p> <p>Ser constante no traballo superando as dificultades.</p> <p>Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</p>
	Liderado	<p>Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</p> <p>Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilid alcanzar obxectivos.</p> <p>Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.</p>
	Creatividade	<p>Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecement previos do tema.</p> <p>Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</p> <p>Encontrar posibilidades no contorno que outros non apreci</p>
	Emprendemento	<p>Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</p> <p>Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</p> <p>Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.</p> <p>Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</p>
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<p>Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas</p> <p>Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.</p>

		Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

#### CONTRIBUCIÓN DA ÁREA L G AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

#### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais acerca da visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### ***Comunicación lingüística***

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle aseguren un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

### ***Competencia dixital***

Ser competente na utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### ***Conciencia e expresións culturais***

A través da lingua, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### ***Competencias sociais e cívicas***

A área de Lingua Galega e Literatura pídenos desenvolver unha serie de actitudes e valores que nos van levar a saber desenvolvernos na sociedade na que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A área de Lingua Galega e Literatura esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua. Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores que cómpre adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo a aquilo que nos formulamos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS - LG

### Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar.

1.1 Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da Internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo.

1.2 Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender.

1.3 Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).

1.4 Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas.

1.5 Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

- 1.6 Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos.
- 1.7 Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información e opinión.
- 1.8 Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.
- 1.9 Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- 1.10 Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- 1.11 Uso, dunha forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- 1.12 Recoñecemento das variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas e morfolóxicas e léxicas máis evidentes.
- 1.13 Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e públicos (sanidade, educación, medios de comunicación, comercios...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

## Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

- 2.1 Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos.
  - 2.2 Comprensión de información xeral en textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
  - 2.3 Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións).
  - 2.4 Interpretación de esquemas, gráficos e ilustracións relacionadas co contido principal do texto que acompañan.
  - 2.5 Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo.
- Introdución ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).
- 2.6 Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.
  - 2.7 Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses.
  - 2.8 Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.
  - 2.9 Coñecemento do funcionamento da biblioteca da aula e do centro, así como as virtuais e participación en actividades literarias.
  - 2.10 Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.
  - 2.11 Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.
  - 2.12 Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

## Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

- 3.1 Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.
- 3.2 Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións) de acordo coas características propias destes xéneros.
- 3.3 Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas

á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas.

3.4 Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións).

3.5 Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal.

3.6 Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.

3.7 Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido.

3.8 Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

3.9 Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

#### Bloque 4: Coñecemento da lingua.

4.1 Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro).

4.2 Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social.

4.3 Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.

4.4 Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

4.5 Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.

4.6 Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...), en relación coa composición de textos.

4.7 Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito.

4.8 Uso do dicionario, en papel ou dixital, con certa autonomía.

4.9 Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en relación coa comprensión e coa produción de textos.

4.10 Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

4.11 Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.

#### Bloque 5: Educación literaria.

5.1 Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos), así como da literatura galega en xeral.

5.2 Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

5.3 Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses.

5.4 Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

5.5 Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras teatrais sinxelas recoñecendo as características dalgúns modelos.

5.6 Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

5.7 Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios adaptados á súa idade.



5.8 Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.

5.9 Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.

5.10 Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais

#### CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN - L G

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.
2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe.
3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.
4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións.
5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe.
7. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.
8. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual.
9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.

10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.
11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
12. Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas máis evidentes.
13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.

#### Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).
2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.
3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.
4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.
5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.
6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.
7. Coñecer o funcionamento da bibliotecas de aula, centro, así como as virtuais, colaborando no seu coidado e mellora, e participar en actividades literarias.
8. Ter interese por ter unha biblioteca propia.
9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

#### Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Usa, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.
3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.
4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.
7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.

#### Bloque 4. Coñecemento da lingua.

1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.
4. Recoñecer e empregar os conectores básicos.
5. Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos.
6. Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.
7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.
8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

9. Establecer relación elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado, para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.

#### Bloque 5. Educación literaria.

1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.
2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.
3. Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados.
4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.
5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.
6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.
7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - LG

#### Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

- 1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo.
- 1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral.
- 2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.
- 3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
- 3.2. Segue unha exposición da clase e extrae o sentido global.
- 3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.
- 3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates.
- 4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
- 4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.
- 5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- 5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
- 5.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.
- 5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.
- 5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
- 6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
- 6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.
- 6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.
- 7.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.
- 8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.
- 9.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
- 10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
- 11.1. Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista.
- 11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
- 12.1. Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica.

- 12.2. Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora.
- 13.1. Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios.
- 13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

#### Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

- 1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.
- 1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.
- 1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.
- 1.4. Interpreta personificacións, hipérbolos e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade.
- 1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas pronominais sinxelas).
- 1.6. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
- 1.7. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
- 2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan.
- 3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
- 3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais.
- 3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.
- 4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
- 4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.
- 5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información.
- 5.2. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
- 6.1. Descodifica sen dificultade as palabras.
- 6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.
- 6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.
- 6.4. Fai lecturas dramatizadas de textos.
- 7.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
- 7.2. Identifica o funcionamento da biblioteca de aula, de centro, así como as virtuais e colabora no seu coidado e mellora.
- 7.3. Participa en actividades literarias do centro.
- 8.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.
- 9.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
- 10.1. Amosa certa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.
- 10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

#### Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

- 1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.
- 1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.
- 1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación.
- 1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.
- 1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.
- 1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.
- 2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: correos electrónicos, cuestionarios, normas, avisos, instrucións.
- 2.2. Redacta textos sinxelos xornalísticos e publicitarios.
- 2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido.

- 2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.
- 2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
- 3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
- 4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal.
- 5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
- 6.1. Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido.
- 7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado en calquera soporte.
- 7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e como medio de obtención e coñecemento.

#### Bloque 4. Coñecemento da lingua.

- 1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas.
- 1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.
- 1.3. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- 1.4. Identifica diferentes clases de palabras nun texto.
- 1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.
- 2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación.
- 2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
- 2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos.
- 3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.
- 3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
- 3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.
- 4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición...
- 5.1. Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.
- 5.2. Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.
- 6.1. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.
- 7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
- 7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.
- 8.1. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
- 9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.
- 9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas elementais sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.

#### Bloque 5. Educación literaria.

- 1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.
- 1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- 2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.
- 2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.
- 3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.
- 4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.
- 5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.

- 6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.
- 7.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

### RECURSOS DIDÁCTICOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua Galega e Literatura:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Libro dixital.
- Dicionario de lingua (Dicionario Xerais de Primaria).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Murais de ortografía e de conxugacións verbais.
- «Textos tolos»: tarxetas para traballar a expresión oral e escrita.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.

## 6– ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

### Obxectivos para a área de Ciencias da Natureza

1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano (anatomía, fisioloxía, localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.).
2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
3. Desenvolver hábitos saudables de alimentación, hixiene e exercicio físico, así como discriminar as actividades nocivas para a saúde.
4. Coñecer os diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos, e diferenciando os reinos.
5. Clasificar plantas por especies segundo criterios científicos como a súa reprodución ou morfoloxía, e recoñecer especies utilizando claves ou pautas sinxelas.
6. Desenvolver actitudes de respecto e coidado cara ás diferentes formas de vida.
7. Coñecer as características dos animais vertebrados e invertebrados, e clasificalos.
8. Identificar e explicar as relacións entre os seres vivos.
9. Identificar as principais características e os compoñentes dun ecosistema.
10. Recoñecer diferentes hábitats dos seres vivos.

11. Discriminar as propiedades dos materiais e dos distintos obxectos que se fabrican grazas a eles. e clasificar algúns materiais segundo as súas propiedades.
12. Coñecer os distintos tipos de enerxía, as súas fontes e as máquinas coas que se obteñen.
13. Explicar os beneficios e os riscos relacionados co uso da enerxía, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
14. Coñecer os protocolos de actuación ante accidentes escolares e domésticos.
15. Adquirir estratexias de resolución de conflitos e relación social.
16. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos da observación directa e indirecta a partir da consulta de diversas fontes e comunicando resultados.
17. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia ou empregando programas informáticos sinxelos de simulación científica.
18. Utilizar diferentes técnicas de exposición oral e escrita dos resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos.
19. Facer predicións a partir da análise de información sobre feitos ou fenómenos e comunicar os seus resultados a través da xeración de supostos ou hipóteses.
20. Expresar oralmente os resultados obtidos en proxectos ou investigacións, apoiando o discurso en datos gráficos.
21. Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais, fomentando os principios e os valores da interacción social.
22. Desenvolver as capacidades de resolución de conflitos e autonomía como factores de desenvolvemento e crecemento persoal.
23. Realizar un proxecto e presentar un informe.

#### Competencias

**As competencias do currículo serán as seguintes:**

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

– 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

A área, por outra parte, axúdalle ao alumnado a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, sexa progresivamente máis obxectivo e compartido, ademais de proporcionarlle os instrumentos necesarios para comprender, explicar e actuar nesa realidade. Así mesmo, contribúe de xeito significativo á educación para a sustentabilidade, desenvolvendo habilidades e competencias que fomentan o uso responsable dos recursos naturais, a conservación da diversidade natural, o consumo racional, a protección da saúde individual e colectiva, a repartición equitativa da riqueza e a solidariedade global e interxeracional.

A área ofrece a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.

### ***Comunicación lingüística***

A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes, e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un



mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe na área.

O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e a que utiliza a ciencia para explicar os feitos e os fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral coma a escrita, a gráfica ou a simbólica, sendo importante o vocabulario específico utilizado na área. Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza do vocabulario específico, na medida que nos intercambios comunicativos se valore a claridade, a exposición, o rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a sintaxe, etc..., estarase desenvolvendo esta competencia.

Os descritores que utilizaremos serán:

- *Plan lector*: gozar coa lectura.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Captar o sentido de expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...

### ***Competencia dixital***

A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio. Ademais é unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes, pois permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

### ***Conciencia e expresións culturais***

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias da Natureza, require os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### ***Competencias sociais e cívicas***

Desde a área de Ciencias da Natureza contribuiremos a esta competencia na medida na que os alumnos e as alumnas desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos cooperativos e grupais, así como no uso de novas metodoloxías, como o traballo por proxectos, que requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado, de modo que se potencien estas habilidades.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos deseguido:

- *Educación en valores:* aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Involucrarse e promover accións cun fin social.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para resolver conflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes de convivencia cidadá no contexto da escola.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A área de Ciencias da Natureza inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal, ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de ocio. A planificación e a xestión de proxectos de traballo, ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia, xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e conservar a autoestima, e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos. Nesta área as tarefas e as actividades formuladas farán que o alumnado adquira todas estas destrezas.

Neste caso, os descritores que se van adestrar serán:

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

### ***Aprender a aprender***

Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- *Intelixencias múltiples*: desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## Contidos

### Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

- Iniciación á actividade científica.
- Aproximación experimental a algunhas cuestións relacionadas coas Ciencias da Natureza.
- Utilización de diferentes fontes de información.
- Observación directa e indirecta da natureza empregando instrumentos apropiados a través do uso de libros, medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Lectura, análise e síntese de textos propios da área
- Utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.

## Programación didáctica 4º de primaria

- Hábitos de prevención de enfermedades e accidentes, na aula, no centro e na utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade e o coñecemento dos protocolos de actuación no caso de necesidade.
- Hábito de prevención e coidado no manexo de redes e materiais dixitais e coñecemento do uso responsable e seguro das tecnoloxías e da internet.
- Traballo individual e en grupo.
- Técnicas de estudo e traballo. Desenvolvemento de hábitos de traballo. Esfuerzo e responsabilidade.
- Planificación de proxectos e presentación de informes.
- O respecto das normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.

### Bloque 2. O ser humano e a saúde.

- Funcións vitais no ser humano: función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor) e función de nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- As enfermidades comúns que lles afectan aos aparatos e aos sistemas do organismo humano.
- Os hábitos saudables para previr enfermidades.
- A conduta responsable.
- Os avances científicos que melloran a vida.
- Protocolos de actuación ante accidentes escolares e domésticos.
- A toma de decisións: criterios e consecuencias. A resolución pacífica de conflitos.
- As estratexias de relación social. Lecer saudable.

### Bloque 3. Os seres vivos.

- Funcións vitais dos seres vivos: nutrición, relación e reprodución de animais e plantas.
- Os reinos dos seres vivos.
- As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias.
- Características, compoñentes e relacións entre os compoñentes dun ecosistema.
- Ecosistemas do seu ámbito: pradería, poza, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. • Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- A conservación do medio. Os factores de contaminación e rexeneración. Figuras de protección.
- As normas de prevención de riscos.
- Uso de medios tecnolóxicos ou mostras reais para o estudo dos seres vivos. .

### Bloque 4. Materia e enerxía.

- Estudo e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades. Utilidade polas súas propiedades.
- Utilidade dalgúns innovacións en produtos e materiais para o avance da sociedade.
- Diferentes procedementos para a medida da masa dun corpo.

## Programación didáctica 4º de primaria

- Comportamento dos corpos ante a luz. Reflexión e refracción. Descomposición da luz branca. A cor. Identificación das cores básicas.
- Predición de alteracións no movemento e na forma dos corpos por efecto das forzas e os cambios de estado.
- Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Intervención da enerxía na vida cotiá.
- Fontes de enerxía renovables e non-renovables. O desenvolvemento enerxético, sustentable e equitativo. Uso responsable das fontes de enerxía no planeta.

### Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

- Máquinas e aparatos.
- A panca: funcionamento, tipos de pancas e os seus diferentes usos e aplicacións na vida cotiá.
- Análise e funcións de operadores e utilización na construción dun aparato.
- Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas. Planificación, montaxe e desmontaxe.
- Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.
- Importantes descubrimentos e inventos.
- Biografías de inventores e científicos.
- Tratamento de textos.
- Busca guiada de información na rede.
- Control do tempo e uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación

### **Materiais e recursos didácticos**

- Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación, obradoiros de ciencias e avaliación.
- Cadernos complementarios ao libro do alumnado.
- Lupa para realizar observacións.
- Láminas, murais e guías sobre plantas da zona, publicadas por comunidades, concellos ou centros de interpretación de parques naturais próximos.
- Material gráfico obtido de enciclopedias, guías botánicas ou medios informáticos.
- Testos, viveiros, follas, froitos, sementes, flores, etc., para realizar observacións directas.
- Materiais derivados da observación de plantas, como debuxos, fotografías...
- Láminas, murais e imaxes de paisaxes e seres vivos do ámbito.
- Material gráfico obtido de enciclopedias, guías botánicas ou medios informáticos.
- Láminas, murais e imaxes dos aparatos que interveñen na función de nutrición.
- Etiquetas de alimentos envasados e información sobre as propiedades de nutrientes.

- Receitas dalgúns guisos e outras preparacións culinarias de consumo frecuente.
- Láminas e debuxos sobre os órganos dos sentidos, o cerebro, o esqueleto, a musculatura...
- Material gráfico obtido con medios informáticos sobre ilusións ópticas.
- Instrumentos para medir masas e volumes.
- Materiais e obxectos de uso cotián (madeira, plástico, vidros, metais, gomas, resortes, clips...) e imáns e obxectos de ferro, como moedas de curso legal, para identificar aquelas que son sensibles.
- Fontes de luz e dispositivos para estudar os fenómenos luminosos.
- Obxectos e materiais opacos, translúcidos e transparentes.
- Operadores, máquinas simples (rodas, poleas, engrenaxes, pancas...) e obxectos que incorporan máquinas simples (alicates, tenaces, desaparafusadores, manivelas) ou motores eléctricos pequenos.
- Materiais para a construción dunha catapulta de xoguete.

### **Recursos dixitais**

- Libro dixital: Os alumnos e as alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Recursos dixitais para o profesorado co que poderán reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.
- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades. Enlaces web:  
<http://anayaeducacion.es>

## **7- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS**

### **OBXECTIVOS - CS**

1. Utilizar diferentes fontes de información para a análise de feitos ou fenómenos e expresar e aprender os contidos de Ciencias Sociais.
2. Desenvolver valores como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no traballo.
3. Utilizar e ver o traballo en grupo como fonte de crecemento persoal e social fomentando valores de tolerancia e respecto de ideas e opinións, e resolvendo conflitos por si sós.
4. Ter capacidade de creatividade para afrontar os problemas da vida proponendo solucións emprendedoras.
5. Coñecer os distintos fenómenos e tempo atmosféricos así como a súa representación e aparatos para a súa medición.
6. Adquirir o concepto de litosfera, coñecer os distintos tipos de rochas, a súa composición así como algunhas propiedades e usos.
7. Coñecer a hidrosfera e a distribución da auga no Planeta.

8. Discriminar distintos tipos de rochas e minerais atendendo á súa composición, propiedades e usos.
9. Comprender e interpretar os principais conceptos demográficos calculados a partir dos datos de poboación.
10. Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades, recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.
11. Interiorizar os conceptos e as normas básicas de educación viaria, que lles permitan interactuar nese ámbito de forma responsable.
12. Situar os distintos períodos históricos no tempo atendendo ás características principais de cada un e reflexionando sobre a evolución do ser humano.
13. Valorar o legado histórico como parte fundamental do que hoxe é a nosa cultura.
14. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España e de Galicia para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Lectura comprensiva do texto «O famoso granito do Porriño», así como dos diferentes contidos, tarefas e actividades desenvolvidas na unidade, de forma individual e colectiva.
	Expresar oralmente de forma ordenada e clara, calquera tipo de información.	Establecemento de diferenzas entre rochas e minerais.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Respecta a quenda de palabra e a escoita atenta tanto do docente coma do compañeiro.
	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións...	Comprende a información dada por parte do docente e os seus compañeiros.

<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar a linguaxe matemática e as táboas de datos con precisión en calquera contexto.	Resolución de problemas matemáticos relacionados con datos relacionados coa  Unidade: Propiedades dos minerais, escala de Mohs
	Usar a ciencia e os avances tecnolóxicos para aplicarlos ao coñecemento.	Interpretación de datos sobre propiedades dos materiais do interior da Terra.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Encontra información adecuada para resolver as diferentes actividades propostas.
	Comprender mensaxes elaboradas que proveñen dos medios de comunicación.	Interpreta con corrección a información extraída de Internet.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza Internet e as actividades dixitais como recurso de aprendizaxe.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Aplicación dos contidos e aprendizaxes relacionadas coa identificación de propiedades das rochas e minerais.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Representa ideas e conceptos en escalas, esquemas e gráficos simples.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Análise de situacións que dan lugar a reflexión. Período da Terra, seguridade no traballo,...
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse	Participación en diálogos e debates sobre os contidos da unidade respectando unha normas mínimas



	desde o coñecemento dos distintos valores.	como a queda de palabra.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
	Dálle prioridade á consecución dos obxectivos de g aos intereses persoais.	Respecta as diferentes opinións do grupo e valóraas atendendo a principios de orixinalidade recoñecendo a adecuac destas.
<i>Conciencia e expresións cu</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza pers cultural.	É consciente da necesidade de establecer relacións de respecto e solidariedade con persoas doutras culturas que conviven no seu ámbito inmediato.

#### 4. Contidos

##### Bloque 1. Contidos comúns.

- Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais.
- Recollida de información do tema que se vai tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para buscar e seleccionar información e presentar conclusións.
- Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.
- Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas.
- Técnicas de traballo intelectual.
- Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.
- Fomento de técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).
- Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.
- Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa.
- Planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Iniciativa emprendedora.
- Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

- A litosfera.
- As rochas da Terra.
- Os minerais.
- A utilización dos minerais terrestres.
- A hidrosfera.
- A hidrosfera terrestre.
- As augas superficiais.
- As augas subterráneas.
- A atmosfera e o clima.
- O impacto das actividades humanas.
- O cambio climático.
- Os factores climáticos.
- Os mapas meteorolóxicos.
- A representación do tempo atmosférico.

Bloque 3. Vivir en sociedade.

- A poboación.
- Os cambios na poboación.
- A poboación en España e en Galicia.
- A constitución.
- Educación viaria.

Bloque 4. As pegadas do tempo.

- A historia e as fontes históricas.
- A Prehistoria e as súas etapas.
- A Prehistoria na península ibérica (I).
- A Prehistoria na península ibérica (II).
- A Prehistoria en Galicia.
- Os pobos prerromanos: celtas e iberos.
- Os pobos colonizadores do Mediterráneo.
- Os romanos na península ibérica (I).
- Os romanos na península ibérica (II).
- A Idade Antiga en Galicia.

## 8- PLÁSTICA

### OBXECTIVOS DA ÁREA DE PLÁSTICA DE 4º DE PRIMARIA

1. Discriminar os elementos distintivos dun cartel.

2. Realizar composicións con imaxes.
3. Realizar operacións con unidades de medida.
4. Utilizar o compás para representar figuras xeométricas.
5. Representar en planos o seu entorno próximo.
6. Recoñecer a simetría en figuras dadas.
7. Recoñecer a idea de color secundario.
8. Expresar e narrar experiencias artísticas.
9. Realizar debuxos con grafito.

<b>DESCRITORES</b>
--------------------

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRIPTORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas na ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do entorno medioambiental e dos seres vivos	<p>Interactuar co entorno natural de maneira resp</p> <p>Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolto sostible.</p> <p>Respetar e preservar a vida dos seres vivos do entorno.</p> <p>Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.</p>
	Vida saudable	<p>Desenrolar e promover hábitos de vida saudable en cuanto á alimentación e ao exercicio físico.</p> <p>Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable do mesmo.</p>

	A ciencia no día a día	<p>Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</p> <p>Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.</p> <p>Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso arredor.</p>
	Manexo de elementos matemáticos	<p>Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.</p> <p>Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.</p>
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<p>Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.</p> <p>Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.</p> <p>Aplicar as estratexias de resolución de calquera situación problemática. pro</p>
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<p>Comprender o sentido dos textos escritos.</p> <p>Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos</p> <p>Desfrutar coa lectura.</p>
	Expresión: oral e escrita	<p>Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquer tipo de información.</p> <p>Utilizar o coñecemento das estruturas lin normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.</p> <p>Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</p>

	Normas de comunicación	<p>Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</p> <p>Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.</p>
	Comunicación noutras linguas	<p>Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.</p> <p>Manter conversacións en outras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.</p> <p>Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</p> <p>Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.</p>
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<p>Empregar distintas fontes para a busca de información.</p> <p>Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</p>
	Comunicación audiovisual	<p>Utilizar os distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</p> <p>Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</p>
	Utilización de ferramentas dixitais	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</p> <p>Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</p> <p>Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</p>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Ríspeto polas manifestacións culturais propias e alleas	<p>Mostrar ríspeto ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.</p> <p>Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</p>

	<p>Expresión cultural e artística</p>	<p>Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. Elaborar traballos e presentación con sentido estético.</p>
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<p>Educación cívica e constitucional</p>	<p>Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito refrendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.</p>
	<p>Relación cos demais</p>	<p>Desenrolar capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</p>
	<p>Compromiso social</p>	<p>Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. Involucrarse ao promover accións cun fin social.</p>
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<p>Autonomía persoal</p>	<p>Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta de elas. Ser constante no traballo superando as dificultades. Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</p>
	<p>Liderazgo</p>	<p>Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar os obxectivos. Priorizar a consecución de obxectivos</p>

		grupais a intereses persoais.
	Creatividade	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. Actuar con responsabilidade social y sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, múltiples, funcións executivas Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe

		Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	--	---

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESEÑO DAS COMPETENCIAS

Na área de Plástica.

Na área de Plástica incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afines á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

A área contribúe á adquisición da Competencia matemática e Competencias en ciencias e tecnoloxía ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiás, no espazo natural, e en aquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Así mesmo, aspectos traballados en música como o ritmo e as escalas, colaboran directamente coa consecución da Competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolto sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### **Comunicación lingüística.**

A través dos intercambios comunicativos que se xeran nas diversas actividades e proxectos, do uso das normas que o rexen, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a área aporta, contribúese ao desenvolto da competencia en comunicación lingüística.

De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenrolar capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenrólase tamén esta competencia a través da descrición dos proxectos de traballo, das argumentacións sobre solucións aportadas no desenvolto dos proxectos e da propia presentación dos mesmos.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Gozar coa lectura.



- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### **Competencia dixital .**

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para acercar ao alumnado a creación de producións artísticas e da análise da imaxe e o son e as mensaxes que estes transmiten, contribúese ao desenrolo da Competencia dixital.

Na área de Plástica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.
- Utilizar os distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

### **Conciencia e expresións culturais.**

A área de Educación artística contribúe directamente en todos os aspectos que configuran a área á adquisición desta competencia. Nesta etapa ponse énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e nas técnicas e os recursos que lle son propios, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e a comprensión do mundo que lle rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión.

A área, ao propiciar o acercamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do entorno máis próximo como de outros pobos, dota aos alumnos e alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Deste modo, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar ríspeto para as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### **Competencias sociais e cívicas.**

A Educación artística favorece a participación en experiencias colectivas: colaxe, exposicións, experiencias musicais, etc., como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais como grupais. A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. A aceptación de normas desta forma de traballo, a cooperación, asunción de responsabilidades e utilización de espazos de maneira apropiada, son regras e normas dun desenvolto social e cívico adecuado. Todo iso fai que a área contribúa ao desenvolto da Competencia social y cívica.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Desenvolto capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Involucrarse ao promover accións cun fin social.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que ademais xera flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un mesmo suposto. Neste sentido a área de Educación artística contribúe á competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, actuando significativamente no proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supón o desenvolto de capacidades e habilidades básicas tales como: a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribuíndo todas elas directamente ao desenvolto desta competencia.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

### **Aprender a aprender.**

Á competencia para Aprender a aprender contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten aos nenos dunha experiencia suficiente para utilízalos en situacións diferentes. O desenvolto da capacidade de observación, plantexa a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas
- Desenvolar as distintas intelixencias múltiples.
- Desenvolar estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

### ***ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS***

#### Bloque 1. Educación audiovisual.

##### 1.1 Imaxe fixa: o cartel.

#### Bloque 2. Debuxo xeométrico.

##### 2.1 Realización de medicións de segmentos.

##### 2.2 Sumar e restar segmentos.

##### 2.3 Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.

##### 2.4 Os ángulos coa escuadra e o cartabón.

##### 2.5 Transformacións xeométricas: simetría central.

#### Bloque 3. Expresión artística.

##### 3.1 Color: cores secundarios (verde, vermello e violeta).

##### 3.2 Textura: texturas gráficas e texturas táctiles.

##### 3.3 Temas na pintura: o retrato.

##### 3.4 Técnicas pictóricas: o lapis de grafito.

### **CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA**

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade.

A metodoloxía debe ser asumida desde a perspectiva de “saber facer”, é dicir, os procesos de aprendizaxe realizaranse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

Desde esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (o neno debuxa, pinta, canta, baila, modela, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións...), e os valores perceptivos (o neno contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías, películas, videoclips, escoita cancións, asiste a representacións teatrais, a festas, ao circo...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e procedementos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

Terá a posibilidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen para o desenvolvemento das súas capacidades artísticas.

Nesta área os alumnos iníciáanse no coñecemento e aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes que permitan acceder a manifestacións artísticas que os leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O traballo en grupo colaborativo será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora

Os contidos da área de Plástica están organizados a redor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### Bloque 1. Educación audiovisual.

- 1.1 Coñecer os elementos dun cartel (imaxes e textos) así como ideas básicas de composición e tipografía.

### Bloque 2. Debuxo xeométrico.

- 2.1. Reproducir, sumar e restar segmentos coa regra que previamente foron medidos utilizando como unidade o centímetro
- 2.2. Debuxar circunferencias utilizando o compás.
- 2.3. Representar de forma elemental planos de espazos coñecidos.
- 2.4. Coñecer o valor dos ángulos determinados pola escuadra e o cartabón.
- 2.5. Analizar a simetría central en diferentes representacións de elementos da vida cotiá.

### Bloque 3. Expresión artística.

- 3.1. Expresar oralmente e por escrito o concepto de cor secundario comprendendo a orixe dos mesmos.
- 3.2. Identificar, definir con vocabulario específico e clasificar as texturas gráficas e táctiles e utilizar o seu valor expresivo en producións propias.

3.3. Recoñecer o retrato como un dos temas dentro da pintura ao longo da historia.

3.4. Utilizar os lapis de grafito nas composicións propias utilizando esta técnica con corrección coñecendo os seus valores expresivos.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

### Bloque 1. Educación audiovisual.

1.1 Coñece os elementos dun cartel (imaxes e textos) e compón carteis atendendo ás normas básicas de composición (flexibilidade, orde, equilibrio).

1.2. Utiliza tipografía lexible na elaboración de carteis informativos.

2.1. Elixe imaxes fotográficas e/ou debuxos adecuados á idea que quere transmitir.

2.2. Coñece que é unha tipografía e modifica o tamaño, cor e forma según as súas necesidades.

### Bloque 2. Debuxo xeométrico.

1.1. Mide segmentos utilizando como unidade o centímetro, axustando a medida a cantidades próximas ao medio centímetro.

1.2. Suma segmentos coa regra e co compás.

1.3. Resta segmentos utilizando a regra e o compás.

2.1. Realiza composicións con circunferencias e círculos sen radio determinado trazados con compás.

2.2. Coñece a metodoloxía para usar o compás e mantelo en condicións óptimas.

3.1. Representa o plano de espazos coñecidos utilizando unha cuadrícula.

4.1. Debuxa ángulos de 30°, 60°, 45° y 90° utilizando os ángulos da escuadra e o cartabón. 5.1. Identifica o centro dunha simetría central en imaxes de elementos xeométricos e fotografías de obxectos.

### Bloque 3. Expresión artística.

1.1. Coñece ou concepto de cores secundarias e identifica e coñece o dos mesmos.

1.2. Mestura utilizando diferentes procedementos as cores primarias para obter cores secundarias.

1.3. Ordena as cores primarias e secundarias acomodando o triángulo de Goethe (amarelo, magenta, cian, verde, violeta e vermello).

2.1. Diferenza entre unha textura gráfica e táctil.

2.2. Realiza composicións con diferentes texturas gráficas.

2.3. Crea texturas táctiles en superficies brandas (plastilina ou arxila).

3.1. Coñece diferentes retratistas ao longo da historia e percibe as diferenzas entre as distintas épocas.

3.2. Realiza retratos analizando as partes do rostro.

4.1. Coñece e utiliza as posibilidades gráficas dos lapis de grafito.

4.2. Coñece a numeración dos lapis de grafito segundo a diferente dureza do grafito.

## EVIDENCIAS PARA O PORTAFOLIOS

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portafolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas planificaremos a realización e a recollida de produtos que mostren o nivel de consecución do estándar e detallen a súa evolución ao longo do curso.

O portafolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar á o alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

- As evidencias que podemos recoller na área de Plástica poden ser:
- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado en aula.

## 9- MÍNIMOS EXISIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

### Mínimos para Lingua Galega e Castelá.

#### **Comprensión e expresión oral:**

- Articular correctamente os fonemas.
- Comprender unha narración oral sinxela, referente a feitos ou situacións concretas e resumindo o escoitado.

## Programación didáctica 4º de primaria

- Coñecer e usar adecuadamente o vocabulario propio da súa idade.
- Realizar unha breve exposición, narración, descrición oral ... de xeito ordenado e coherente.

### **Lectura:**

- Ler con velocidade adecuada (90 – 120 palabras/minuto).
- Lectura sen omisións, inversións, substitucións, regresións e vocalizando correctamente.
- Ler coas pausas e a entoación adecuadas.

### **Comprensión e expresión escrita:**

- Recoñecer a secuencia dun texto lido e ser capaz de explicar as ideas esenciais
- Contestar por escrito a un cuestionario referente a unha lectura en voz alta ou silenciosa.
- Realizar breves composicións escritas: narracións, descricións, resúmenes, empregando o vocabulario axeitado e as técnicas elementais de redacción e ortografía básica.
- Presentar os traballos ordenados, lexibles e limpos.

### **Contidos gramaticais:**

- Distinguir entre palabra e sílaba.
- Escribir oracións sinxelas de máis de dez palabras e usar a concordancia entre artigo/ substantivo/adxectivo/ verbo.
- Identificar os elementos básicos da oración: suxeito e predicado.

### **Ortografía**

- Comezar empregando a maiúscula e rematar en punto.
- Usar a maiúscula en nomes e apelidos , nomes de lugares e despois de punto.
- Usar correctamente os grupos pr, pl, br, bl, cr, cl, gr, gl, fr, fl mp, mp.

## Programación didáctica 4º de primaria

- Uso correcto de c/qu, z/c, r/rr.

\* En lingua galega, ademais dos anteriores, deberán facer un uso correcto do dígrafo nh.

### Mínimos para Matemáticas.

#### **Numeración:**

- Coñecer os números de ata 7 cifras (9999999)
- Ordenar series de números comprendidos entre dous establecidos.
- Coñecer o valor posicional das cifras: U(unidades), D (decenas), C (centenas) UM (unidades de millar) DM (decenas de millar), CM (centenas de millar) U de Millón.
- Coñecer os números ordinais ata 990.

#### **Operación:**

- Realizar sumas, restas e multiplicación con levadas con números de ata sete cifras.
- Coñecer a mecánica da división por unha e dúas cifras.
- Calcular mentalmente sumas, restas e multiplicacións.
- Resolver situacións problemáticas da vida real que impliquen, polo menos, o uso de dúas operacións.

#### **Xeometría:**

- Recoñecer recta, semirrecta, paralelas, secantes e perpendiculares.
- Recoñecer un ángulo, así como os máis sinxelos: recto, agudo e obtuso.
- Recoñecer circunferencia, círculo, radio, diámetro semicircunferencia e semicírculo.
- Recoñecer os polígonos mais comúns.
- Recoñecer os corpos xeométricos básicos.

#### **Unidades de medida:**

- Expresar medidas de lonxitude, capacidade, peso e tempo.



## Programación didáctica 4º de primaria

- Resolver situacións problemáticas sinxelas coas unidades de medida citadas.
- Gráficos: Representar e interpretar diagramas sinxelos.

### Mínimos para Ciencias da Natureza

- Identifica as funcións vitais dos seres vivos.
- Identifica a necesidade de auga para todo ser vivo e é consciente da necesidade de facer un consumo responsable.
- Recoñece a Terra como planeta no que habita e os seus movementos.
- Recoñece a Atmosfera e os fenómenos máis importantes que teñen lugar nela.

### Mínimos para Ciencias Sociais

- Coñece onde vive: localidade, provincia, comunidade, país e diferenza os elementos naturais dos humanizados.
- Recoñece os sectores de produción e diferenza entre materias primas e produtos elaborados.
- Recoñece os principais medios de comunicación persoal e social.
- Recoñece os dereitos e deberes dos nenos como membros da sociedade e as normas básicas de convivencia familiar e veciñal.
- Recoñece o paso do tempo en si mesmo e na sociedade e valora a conservación do noso patrimonio histórico e de costumes.

## 10-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación concíbese e practícase do seguinte xeito:

**Continua e global**, xa que atende a aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contéplanse :

-*Avaliación inicial*. Achega datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

-*Avaliación formativa*. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.

-*Avaliación sumativa*. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

- Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- Integradora**, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
  
- Orientadora**, dado que achega ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Alguns dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de aprendizaxe son os seguintes:

**Observación sistemática:**

- Escala de observación.
- Registro anecdótico persoal.

**Análise das producións dos alumnos:**

- Monografías.
- Resumos.
- Traballos de aplicación e síntese.
- Caderno da clase.
- Textos escritos.
- Producións orais.

**Intercambios orais cos alumnos:**

- Diálogo.
- Entrevista.
- Postas en común.
- Asembleas.

**Probas específicas:**

- Obxectivas.
- Abertas.
- Exposición dun tema.
- Resolución de exercicios.

**Autoavaliación.**

**Coavaliación.**

**Actividades de recuperación**

- De cada tema realizaranse distintas actividades e fichas de reforzo necesarias para que os alumnos/as acaden os obxectivos previstos; incluso realizando monitorización profesor-alumno e alumno-alumno.

**Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente**

Atenderá estes aspectos:

- a) Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
- b) Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- c) Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre os alumnos e os profesores.

Alguns dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar os devanditos aspectos son os seguintes:

**Cuestionarios:**

**Intercambios orais:**

- Entrevista cos alumnos.
- Debates.
- Entrevistas con pais.
- Reunións con pais.

**Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.**

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS CURSOS**

Para levar a cabo a cualificación dos diferentes cursos, teremos como referente unha serie de instrumentos de avaliación cuxa valoración nos aportará a nota final dos alumnos. A devandita cualificación aplicarse do seguinte xeito:

Instrumentos de avaliación	Puntuación
* Manifestar atención, interese e actitude positiva no proceso de ensinanza-aprendizaxe. * Traballo diario. * Boa presentación nos cadernos e traballos individuais.	40%

Outros instrumentos a ter en conta (*)	
* Probas de avaliación escritas ou orais. * Tarefas feitas na pizarra diariamente. * Intervencións positivas na clase.	60%

(\*) Outros instrumentos a ter en conta serán os seguintes:

Nivel de escritura.  
Nivel de lectura.  
Traballo individual e traballo en grupo.  
Coidado do material.  
Cumprimento das normas.  
Correcto no trato co persoal docente e non docente.  
Sociabilidade.

### **11– Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

Dita avaliación facilitaranos a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Esta información facilitaránola o expediente do alumno, o orientador (no caso de alumnos con nee) e as diferentes probas que se fagan na aula os primeiros días de clase como:

- Probas escritas
- Probas orais
- Lecturas

O resultado orientaranos co grupo- clase e cos alumnos con necesidades individuais.

### **12–Actividades de recuperación e reforzos para lograr a dita recuperación**

Ao longo de cada trimestre, en cada unidade didáctica, realizaremos actividades de reforzo para aqueles alumnos que o necesiten dado o seu ritmo de traballo ou por calquera outro motivo.

### **13–Medidas de atención a diversidade**

A atención á diversidade do alumnado é un aspecto fundamental a ter en conta ó longo do desenvolvemento da programación. Consiste en dar resposta a individualidade de cada alumno e modificar espazos, tempos, metodoloxía, actividades e apoios para aqueles alumnos/as que presenten necesidades específicas de apoio educativo. A realidade escolar do centro fai preciso

o deseño dun PAD (Plan de Atención a Diversidade), co fin de planificar medidas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades dos alumnos.

Como titores de 4º de Educación Primaria traballaremos en coordinación co PT e o AL do centro que nos aportarán información e asesoramento sobre a intervención que teño que levar a cabo na aula con estes alumnos/as.

No grupo-clase de 4ºB, dous alumnas presentan necesidades específicas de apoio educativo: unha nena con altas capacidades, e outra cun trastorno do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación e deficiencia mental derivadas de enfermidade neonatal.

Ambas están escolarizadas na aula ordinaria, tal como se recolle no **Decreto 320/1996, do 26 de xullo**, de ordenación da educación de alumnos con necesidades educativas especiais. Ademais, como medida para dar resposta á diversidade, levaranse a cabo modificacións en elementos do currículo segundo a **Orde 6 de outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo. Ademais as medidas de escolarización para estes nenos tamén aparecen recollidas na **Orde do 27 de decembro**, de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización de alumnos con necesidades.

Con obxecto de axustarnos o máximo posible á realidade dos nosos alumnos, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

**Que valorar:**

- Rendemento do alumno no curso anterior.
- Personalidade.
- Afeccións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia.

**Como obter a información:**

- Informes de titores anteriores.
- Cuestionario previo aos alumnos.
- Entrevista individual.
- Cuestionario aos pais.
- Entrevista con pais.
- Etcétera.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos.

Consideramos **adaptacións curriculares** cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender ás diferenzas individuais dos nosos alumnos. O equipo ou o profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia a seguir como as características do alumno ou alumna que poidan axudar ou entorpecer a estratexia: en que agrupamentos traballa mellor, que tempo permanece concentrado, a que reforzos é receptivo, que autoconcepto ten, etc.

Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que imos atopar:

-Adaptacións curriculares non significativas: varios alumnos/as neste nivel. Atendendo o seu ritmo con reforzos dentro da aula polo profesor da materia correspondente, cun profesor de apoio dentro da aula ou cas especialistas de PT e AL.

-Adaptacións curriculares significativas: temos dous alumnos no nivel, que serán atendidos con reforzos dentro da aula polo profesor da materia correspondente e contando coa axuda de profesores con horas de apoio dentro da aula. Da mesma forma tamén terán apoio por parte dos profesores especialistas en P.T. e A.L.

Aínda que en cada unha das áreas aplicaranse de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais dos alumnos, establecemos unha serie de pautas ou directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado deste nivel:

### **Programación de contidos e actividades.**

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe como aos diverxentes intereses e motivacións dos alumnos.

#### **-Contidos.**

Dentro do conxunto de contidos que asignemos para a súa aprendizaxe por parte dos alumnos a cada área e curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, en primeiro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser aprendidos por todos para alcanzar os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e necesidades de cada alumno.

#### **-Actividades.**

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por unha banda, contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas; para iso, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa asequibilidade media que caracteriza á información esencial. Doutra banda, deseñaremos outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

### **Metodoloxías diversas.**

O mellor método de ensino para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. É dicir, os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

### **•Material didáctico complementario.**

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

- Consolidar contidos cuxa adquisición por parte dos alumnos supón unha maior dificultade.
- Ampliar e profundar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área.
- Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.

### **•Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.**

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite o seguinte:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propor actividades de reforzo ou profundización segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Este tipo de adaptacións require unha reflexión sobre dous aspectos:

- As aprendizaxes básicas e imprescindibles para seguir progresando.
- A incorporación dunha avaliación que detecte as necesidades de cada grupo.

### **Adaptacións curriculares significativas**

Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos esenciais e a consecuente modificación dos criterios de avaliación.

### **Destinatarios.**

Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, contéplase tanto a aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, como aos que posúen un historial escolar e social que produciu «lagoas» que impiden a adquisición de novos contidos e, á súa vez, falta de motivación, desinterese e rexeitamento.

### **Finalidade.**

Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último ha de ser proporcionar a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando que esa resposta se afaste o menos posible das que son comúns para todos os alumnos.

### **Avaliación e diagnóstico previo.**

O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o profesor xunto co Departamento de Orientación.

## CONDICIÓN PARA UNHA ATENCIÓN EFECTIVA

A integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles mercé ás seguintes medidas articuladas no centro:

### **a) A cualificación do profesorado e a importancia da acción tutorial.**

O profesorado do centro posúe a predisposición, a sensibilidade e a formación necesarias para asumir a tarefa de colaborar co Departamento de Orientación e seguir as súas directrices.

### **b) A metodoloxía.**

O centro parte da constatación de que os alumnos con dificultades de aprendizaxe aprenden, basicamente, da mesma forma que o resto. É dicir, os axustes metodolóxicos van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a todos os alumnos.

Por tanto, convén pór a énfase na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, a metodoloxía activa e a globalización. Dentro deste contexto metodolóxico fíxanse unha serie de medidas especialmente beneficiosas:

- O traballo en pequeno grupo.
- As visitas e saídas ao contorno.
- O uso do ordenador e de diversidade de materiais e recursos.

### **c) Espazos.**

Co obxectivo de favorecer o proceso de integración e crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluídas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico.
- Posibilidade de modificar a aula e de crear máis dun espazo.
- Disposición adecuada do mobiliario e coidado das condicións ambientais (acústica, visibilidade...).
- Supresión de barreiras arquitectónicas.



**d)Tempos.**

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas, etc.) e outras máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

Neste nivel, as medidas tomadas polas especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe están aínda pendentes de planificación, mais serán recollidas no P.X.A. do D.O, xa que as intervencións a novos alumnos e alumnas aínda están sen determinar, pendentes de avaliar polo Departamento de Orientación.

#### **14–Programación da educación en valores**

A **educación en valores** preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo; non se trata dun conxunto de ensinamentos autónomos, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, estudados dentro de *Lingua, Matemáticas, Coñecemento do medio*, etc. A aprendizaxe significativa, que se establece sempre desde a realidade inmediata do alumno, propicia ademais esta forma de abordar os valores, dado que a mesma situación contextual que introduce os coñecementos dunha área serve de base a estes contidos. Ademais, a metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e a forma de actuar na aula.

Entre os valores que teñen unha presenza máis relevante neste ciclo destacamos os seguintes:

**Educación moral e cívica.**

Preséntanse contextos nos que os alumnos e alumnas se ven obrigados a xulgar e xerarquizar valores. En todas as actividades colectivas maniféstase unha valoración positiva da participación, o intercambio de puntos de vista, o respecto ás opinións e regras, etc.

**Educación para a paz.**

O obxectivo é que o neno comprenda que a construción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos cotiáns, moitas veces o odio entre os pobos é froito do descoñecemento e a falta de comunicación, e o mellor xeito de superar estes problemas é o diálogo.

As diferenzas culturais entre os distintos pobos son un rico patrimonio que hai que coñecer para valorar a todas as persoas por igual. O neno debe achegarse ao coñecemento doutras realidades, coa finalidade de respectar os costumes e formas de vida que alí se manifestan.

**Educación para a saúde.**

O coñecemento do propio corpo é a base para introducir algúns conceptos básicos de saúde e hixiene que deben traducirse en hábitos e manterse durante toda a vida da persoa.

□ **Educación sexual.**

Exponse como esixencia natural da formación integral da persoa. O obxectivo é coñecer os cambios corporais que aparecen co crecemento e que diferencian fisicamente os dous sexos.

□ **Educación ambiental.**

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do contorno e no desenvolvemento dunha actitude favorable á protección e conservación do medio inmediato.

□ **Educación viaria.**

O obxectivo é capacitar o neno na súa faceta de peón autónomo e posible condutor de bicicletas. Para iso serven como eixos de globalización as unidades referidas ao medio social: a rúa, a cidade, os pobos...

Establécense coñecementos sobre os elementos e signos viarios, e foméntanse outros de tipo conduta que lle permiten a adquisición de hábitos precisos para desenvolverse en situacións concretas. Ademais aténdese ao coñecemento das redes e infraestruturas de transporte, facendo partícipe ao neno das pautas de actuación no uso de calquera dos medios de transporte, privados ou colectivos.

□ **Educación do consumidor.**

A educación para o consumo responsable comeza con reflexións sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (a roupa, a comida, o transporte, etc.) e aquilo do que poden prescindir facilmente. O aproveitamento de elementos que se consideran de refugallo proporciona experiencias que desenvolven nos nenos e nenas os hábitos adecuados de utilización dos recursos que teñen ao seu alcance.

□ **Educación non sexista.**

Preséntase á muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola como no do traballo e noutros contextos cotiáns. Por outra banda, utilízase unha linguaxe coeducativa.

**15– Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC, plan de convivencia, proxecto lingüístico**

**Proxecto lector**

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos e tal como sinala a LOMCE, principios, "Adquirir as habilidades culturais básicas, relativas á expresión e a comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo"...e desenvolver as habilidades sociais, os hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico ,a creatividade e a afectividade..." ) ,e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino

obligatorio, o centro educativo elabora o proxecto lector para o fomento da lectura e da escritura e a adquisición das competencias básicas xa que a lectura é unha parte fundamental.

Ao longo de todo o curso prestaráselle unha grande importancia a lectura, polo que se intentará favorecer o desenvolvemento de actitudes favorables á mesma; así como a escritura, potenciando unha actitude positiva como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

#### ACTIVIDADES QUE SE VAN A LEVAR A CABO NO CUARTO NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA CARA AO DESENVOLVEMENTO DA LECTURA.

- Lectura diaria de distintos tipos de textos , lectura individual e grupal , tanto en galego como en castelán.
- Búsqueda de información sobre diversas celebracións (por exemplo o Magosto) : refráns , ditos, cantigas...para elaborar murais .
- Lectura de novas de varios xornais ,analizando o QUE, o CANDO, o ONDE e o POR QUE .
- Lectura dos enunciados das actividades nas distintas áreas .
- Lectura de gráficos de barras, mapas , esquemas ...
- Lectura de rimas , poesías ...
- Teatro lido (pequenas obras de 6-7 personaxes )
- Uso da biblioteca de aula , para aqueles momentos de lecer na aula , onde atopan libros de lectura rápida moi atractivos , con desplegables , pops-up ...
- Uso do Pasaporte Lector ( levando para casa libros da Biblioteca do centro ou cómics )
- Fichas para traballar a velocidade lectora ( mellorando así o número de palabras por minuto )
- Transcrición de letras de cancións .
- Xogos .
- Todo tipo de actividades recollidas nos libros de texto , a maioría tras unha lectura , hai que facer a comprensión de forma dirixida , con preguntas pechadas .

-OBXECTIVOS da etapa:

- Desfrutar a lectura con novos textos literarios

-Progresar en habilidade lectora: velocidade, entoación...

-Mellorar a comprensión lectora e escrita.

-ORGANIZACIÓN DOS ESPACIOS E TEMPOS:

-Nas aulas, de luns a venres, haberá dúas sesións de lectura cunha duración de 10 minutos cada unha.

-Na biblioteca escolar.

-RUTINAS DE LECTURA:

-Actividades de lectura

-Dramatización

-Xogos

-Lectura silenciosa comprensiva; en alto entonativa

-RECURSOS humanos:

-Titor

-Especialistas

- ACTIVIDADES

- Campañas de lectura

-Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos...Día da Biblioteca, Día do Libro...

### **Plan TIC**

A parte das actividades que se promoverán dende o equipo de dinamización das tic, os [alumn@s](#) de 4º de primaria tamén realizarán algunhas actividades a maiores como:

- Búsqueda de información e investigación a través da rede.
- Traballo complementario aos libros de texto usando a encerrado dixital interactivo e os ordenadores con programas adaptados.
- Proxección de películas e documentais adecuados os temas traballados na aula.

### **Plan de convivencia**

O curso pasado comezou a revisión do plan de convivencia do Centro para axustalo ao Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Os obxectivos que perseguimos son:

- Fomentar un bo grao de convivencia no centro.
- Instaurar un sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos ben acollidos e respectados.
- Resolver de maneira pacífica os conflitos utilizando o diálogo e tendo en conta as opinións dos demais.
- Vivir dun xeito pacífico tanto dentro como fora da escola.
- Adquirir actitudes de axuda cara os nosos compañeiros/as.

Preténdese que o alumnado adquira as competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo mesmo , cos demais e co medio no que vive.

Traballamos xuntos na procura de conseguir nos alumnos/as do grupo e na comunidade educativa en xeral as competencias que nos axuden a vivir mellor en comunidade. O noso labor dirixírase a tres eidos fundamentais:

#### **O coidado da persoa.**

- Procurar que os alumnos/as se sintan ben acollidos e escoitados na procura dun saudable equilibrio emocional.
- Traballar constantemente a educación de valores facendo especial fincapé no benestar persoal que produce mostrar actitudes e aptitudes de axuda os nosos compañeiros/as.
- Desenvolver habilidades sociais para a resolución pacífica de conflitos. escoitar os compañeiros/as, dialogar e acudir os profesores/as para que medien nas riñas e nas discusións sen chegar a desconsideración ou violencia.

- Todos os días adicarase un curto espazo de tempo a falar sobre os aspectos que poideran afectar negativamente a unha boa convivencia nos grupos intentando chegar a solución e medidas de actuación na resolución de conflitos.
- Ter en conta as diferenzas e prestar especial atención á diversidade entendendo esta como un valor.
- Aportar ideas e esforzarse individualmente na procura do benestar emocional dos alumnos/as que amosen dificultades.

#### O coidado do entorno.

Tendo en conta que o centro é un lugar onde vivimos e compartimos cos demais merece o noso coidado e respecto. A nosa escola debe estar aberta o entorno, e as nosas aprendizaxes, actitudes e aptitudes deben ter unha continuidade fora da escola, na procura de conseguir persoas con competencias para coidar o medio e a nosa casa que é o noso planeta. A través do coidado da escola pensamos que podemos espertar nos alumnos/as sentimentos ecolóxicos e de respecto a vida na terra.

Así procuraremos ter un entorno físico agradable traballando normas de coidado, limpeza e convivencia.

-Coidar as nosas aulas e corredores: orde do material escolar e limpeza.

-Coidar o patio de recreo: mantelo limpo, cumprir as normas de uso e axudando a resolver conflitos. Acudir os mediadores sen chegar a agresións verbais ou físicas.

-Coidar a biblioteca, os libros e os seus materiais.

-Coidar a aula de informática e os seus materiais.

-Coidar o resto das instalacións do colexio.

-Establecer canais de comunicación nas asembleas das aulas facendo sentir o colexio como algo propio e non como algo alleo que non nos pertence. A escola ten que ser concebida como un ben común que temos que respectar.

-Espertar nos alumnos/as un sentimento estético plástico valorando as actividades e traballos que persigan este obxectivo. Querendo un colexio cada vez máis bonito!

#### O coidado das relacións.

-Coas familias:

-Establecendo reunión xerais informativas coas familias.

-Establecendo entrevistas persoais con cada unha das familias.

-Establecendo lazos de colaboración e axuda mutua para desenrolar obxectivos de competencia social no alumnado.

-Cos compañeiros e o persoal do centro:

-Buscar unha comunicación fluída e coordinada no ciclo.

-Buscar unha boa comunicación con todas as persoas que integran a comunidade educativa.

-Destacar a importancia dunha labor tutorial de calidade.

-Establecer unha normas que permitan unha boa convivencia na aula.

-Cumprir as normas establecidas no centro.

-Establecer canles de comunicación coas familias do alumnado.

O conseguir unas boas relación nos grupos axudará a acadar unha boa cohesión na comunidade educativa.

### Contribución ao proxecto lingüístico

O noso proxecto lingüístico ten como finalidade adoitar medidas cara a obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio.

Participarase nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego.

O uso do galego como lingua vehicular en 4º de primaria na materia de galego, c naturais, c sociais, música, plástica, e reforzo.

Actividades a realizar durante o curso:

- Utilizar a lingua galega nas celebracións tradicionais.
- Aumentar o material audiovisual e informático en galego e fomentar o seu uso.
- Facer e aplicar unidades didácticas do Magosto e Samaín, Entroido, Festas de Nadal e Día da Paz...
- Recopilar cancións sobre todas as celebracións e traballar cancións tradicionais.
- Proxectar vídeos e películas da nosa lingua e a nosa cultura.
- Realizar actividades relacionadas coas festas: degustar froitos típicos de outono, degustar doces típicos do Entroido, elaborar máscaras, audición de panxoliñas, adornos de Nadal, realizar murais etc.
- Empregar material bibliográfico, fonográfico, audiovisual e informático.

### **16–Actividades complementarias e extraescolares**

Ao longo do curso e coincidindo con algunha data importante, realizaranse diversas actividades relacionadas ca celebración do :

Primeiro trimestre :

Magosto, Samaín, A Constitución, Dereitos Humanos, festival de Nadal.

Segundo trimestre:

Celebración do día da Paz , Entroido, Celebración do DÍA DA MULLER , SEMANA DA PRENSA , Día da poesía.

Terceiro trimestre:

Mes do libro, Semana das letras galegas, Día mundial do medio ambiente

## Programación didáctica 4º de primaria

As actividades a realizar serán as que se poidan programar durante o curso atendendo a oferta ( festivais, concertos, visitas didácticas...), a dispoñibilidade do profesorado requirido, a adecuación das actividades aos cursos solicitados e ao presuposto da actividade.

As actividades xa solicitadas este curso son: un concerto didáctico e unha obra teatral organizado por Abanca para os dous cursos de 4º no 1º e 2º trimestre.

### **17–Procedementos para avaliar a propia programación**

Con respecto a avaliación da programación didáctica, sinalar que esta valoración, vai permitir a modificación ou corrección das deficiencias atopadas e desta maneira poder mellorar a acción educativa. Para levar a cabo esta labor, propóñense os seguintes criterios de avaliación:

- Se os obxectivos propostos foron axustados a realidade dos alumnos/as.
- Se as unidades didácticas foron interesantes e funcionais para os alumnos/as.
- Se a coordinación co resto de profesionais foi axeitada.
- Se o ambiente foi de colaboración e respecto.
- Se as decisións tomadas para a atención á diversidade foron a correctas.
- Se as saídas e visitas programadas foron proveitosas.

O final da valoración de todos estes aspectos, poderán introducirse melloras para, no sucesivo, corrixir ou perfeccionar o labor docente.

A Cañiza a 8 de Setembro de 2017

A coordinadora de 4º de primaria:

Diana Graña Caramés.